A este despropósito hai que sumar aínda as urxencias que podan darse e tamén que, no caso da especialidade de pediatría, o centro de Ribeira está asumindo aos menores procedentes do centro de saúde da Pobra que nestes momentos continúa sen pediatra e que provoca que unha das profesionais destinada no Hospital da Barbanza sexa trasladada, un día á semana, a reforzar o servizo no centro de saúde.

Ademais, o centro é tamén deficitario en canto a PSX e persoal de enfermería. No primeiro caso, conta con 4 de mañá e 2 de tarde, que se reforzou nestes días e puntualmente polo exceso de traballo cun máis pola tarde, xa que fronte á circunstancia de atender axendas imposíbeis víronse na obriga de chamar a un grande número de

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:57:01
Nº Rexistro: 7391
Data envio: 07/01/2021 12:57:01.025

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pacientes para pospoñerlle ou cancelarlle a cita. No segundo caso, vén sendo habitual tamén que non se cubran as ausencias e que se fagan intersubstitucións entre as que están activas. De calquera xeito, é de suliñar que non todos os cupos de facultativos dispoñen de enfermeira ou enfermeiro asignado, o que é importante para evitar as distorsións que isto produce no quefacer diario.

E, como colofón aos serios problemas de falla constante de persoal, hai que engadir os da falla de espazo dun edificio que se queda pequeno para a poboación á que ten que atender e que as autoridades locais prometeran xa hai tempo amplialo sen que ata o de agora se teña efectivizado tal promesa.

Neste sentido, existen xa demandas concretas feitas polo persoal do PAC que conta con dúas salas e que quedan só nunha cando coincide a quenda de tarde do centro co PAC, o que míngua considerabelmente a calidade, e mesmo a intimidade, que se lle debe garantir aos doentes.

Ao enquistamento da grave situación que se dá dende hai moito tempo no centro de saúde de Ribeira, hai que sumar agora a sobrecarga e a saturación derivada da pandemia da COVID-19, que supón que moito menos persoal teña que atender a un maior número de pacientes -tanto telefónica como presencialmente- e a unha carga burocrática excesiva, que nestes primeiros días de vacinación se tiveran xa destinado dúas profesionais de enfermería aos xeriátricos da localidade e que nas seguintes fases da vacinación teñan que atender a miles de persoas cun reducido cadro de persoal.

E diante deste colapso, do empeoramento da asistencia que se presta e que só se suple coa voluntariedade e a dedicación do persoal, as autoridades sanitarias continúan coa descoordinación, a falla de previsión e a falla de dotación de persoal que permita unha atención sanitaria digna á poboación.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:57:01
Nº Rexistro: 7391
Data envio: 07/01/2021 12:57:01.025

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A xerencia da EOXI de Santiago estivo en todo momento, e segue a estar, sabedora do que ocorre no centro de saúde de Ribeira sen que ese coñecemento servise ata o de agora para solucionar nada. Moi ao contrario, as cousas foron a peor e, diante dunha máis que posíbel terceira onda da pandemia e da complicación do labor asistencial, seguen sen atisbarse sequera previsións de reforzar o cadro de persoal e, polo tanto, de paliar cando menos os problemas existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Repoñer de inmediato ao seu número habitual o persoal sanitario do centro de saúde de Ribeira.

2. Reforzar o cadro de persoal sanitario e non sanitario diante das necesidades derivadas da pandemia.

3. Levar a cabo as substitucións de calquera membro da plantilla de persoal do centro en canto se produzan.

4. Buscar sen dilación alternativas para a falla de espazo nese centro de saúde, nomeadamente no referido ao PAC".

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:57:01
Nº Rexistro: 7391
Data envio: 07/01/2021 12:57:01.025

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/01/2021 12:48:51

María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2021 12:48:54

Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2021 12:49:02

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 13:57:14
Nº Rexistro: 7400
Data envio: 07/01/2021 13:57:14.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as irregularidades no funcionamento das novas liñas de transporte metropolitano na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A posta en funcionamento das concesións de novas liñas de transporte de pasaxeiros en autobús puxo en evidencia as carencias do novo mapa de liñas, no que se ben se incluíron algunhas das demandas veciñais da contorna afectada, moitas outras, principalmente as da zona rural, amosaron o desapego do Partido Popular pola necesaria dinamización dos servizos públicos no medio rural.

A maiores diso, nos primeiros quince días puxéronse de manifesto varias cuestións que amosan tamén a carencia de sensibilidade polos usuarios e a falta de planificación das empresas concesionarias, antes de iniciar os servizos o día 23 de decembro, así como a falla de control da Xunta tal como lles correspondería:

1. Os novos itinerarios están producindo confusión e/ou está habendo incumprimentos de horarios e paradas por parte da empresa concesionaria que multiplican esa confusión entre os usuarios.

2. Chegaron queixas ao BNG de varias localidades, entre outras da comarca da Coruña, a respecto do cobro nos trasbordos que se publicitaron como

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 13:57:14
Nº Rexistro: 7400
Data envio: 07/01/2021 13:57:14.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gratuítos. Non é ata o 4 de xaneiro cando a empresa resposta admitíndoo, a través das redes sociais, e propón que se garden os recibos para reclamalos na estación de autobuses, algo ben pouco probábel con carácter retroactivo.

3. Non hai unha aplicación informática que permita coñecer o tempo que falta para chegar o bus á nosa parada ou que nos permita planificar o noso itinerario e tempo antes de saír. Algo que xa existe hai tempo noutras localidades galegas como A Coruña. Mesmo o bus metropolitano até esta renovación das liñas dispoñía dunha ferramenta, que se ben precaria por non ofrecer datos en tempo real, resultaba útil. Esta app foi solicitada nas alegacións que fixeron veciños e veciñas da comarca así como o propio BNG, até o de agora sen resposta positiva.

4. Nos mapas de rutas que parecen ser extraídos dos itinerarios que publica a Xunta na web https://www.bus.gal/gl/servizos/concellos de servizo metropolitano de Galicia, os topónimos son frecuentemente deturpados, incumprindo o nomenclátor oficial. Poñemos por exemplo Home por Ombre, Orro pueblo por Orro Vello, Orro ponte por Orro Novo, Caíñas por As Caíñas, O Xalo por Xalo, Celas de Peiro por Celas...

5. O reinicio do sistema de liñas e empresas concesionarias debería acompañarse de instrucións claras ás empresas para dar cumprimento ás obrigas do título VI, DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E A FUNCIÓN NORMALIZADORA, da Lei de Normalización Lingüística, na súa comunicación coas usuarias do transporte.

Por tanto, a Xunta de Galiza debe asumir a dirección técnica e seguimento do proceso de normalización, asesorar a administración e particulares e coordinar os

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 13:57:14
Nº Rexistro: 7400
Data envio: 07/01/2021 13:57:14.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos encamiñados a conseguir os obxectivos, para que as concesionarias teñan en conta a LNL.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Activar de forma inmediata un sistema de control do cumprimento dos contratos de xestión das liñas.

2. Ordenar á empresa concesionaria que poña a disposición dos usuarios, independentemente de que gardasen o recibo ou non, a devolución dos importes cobrados nos transbordos.

3. Pór en marcha xa unha app que permita planificar en tempo real o trazado e espera do autobús.

4. Revisar a toponimia utilizada e corrixir as publicacións de todo tipo que se fixeron até agora.

5. Dar instrucións ás empresas concesionarias para incluílas no uso activo e normalizado da lingua galega na atención dos traballadores, nos comunicados de todo tipo e na publicidade."

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 13:57:14
Nº Rexistro: 7400
Data envio: 07/01/2021 13:57:14.141

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Paulo Ríos Santómé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2021 13:53:43

Paulo Ríos Santomé na data 07/01/2021 13:53:47

Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2021 13:53:52

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6919
Data envio: 28/12/2020 14:37:18.183
Data 28/12/2020 14:37

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento-, da conselleira do Mar "***para dar conta do impacto que en materia pesqueira pode ter o acordo de saída da Unión Europea por parte do Reino Unido, así como das actuacións a desenvolver a futuro na defensa de Galicia nesta cuestión***".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6919
Data envio: 28/12/2020 14:37:18.183

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/12/2020 14:37:14

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 10:35:20
Nº Rexistro: 7060
Data envio: 30/12/2020 10:35:20.684
Data 30/12/2020 10:35

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego – da directora xeral de Saúde Pública, para informar "**sobre o Plan galego de Vacinación fronte ao SARS-Cov-2".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjfUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 10:35:20
Nº Rexistro: 7060
Data envio: 30/12/2020 10:35:20.684

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2020 10:35:16

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:38:41
Nº Rexistro: 6894
Data envio: 28/12/2020 12:38:41.660

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Mercedes Queixas Zas**, **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa entrada en vigor dos novos contratos derivados do Plan de transporte, como xa advertimos no seu momento suprimíronse liñas que comunicaban diferentes concellos rurais coa cidade da Coruña, como a que ía de Vila de Cruces ou a de Santiso, que viña efectuando a empresa Autos Garabanxa. Como xa advertimos o pasado mes de setembro a entrada en vigor deste novo deseño do transporte público supón unha merma na calidade do servizo de transporte público e un novo recorte e precarización do mesmo.

A Xunta de Galicia afirma na prensa que esta liña non se suprimiu e que se manteñen dúas viaxes ó día entre Vila de Cruces e a cidade da Coruña cuns transbordos adecuados que permiten facer esta viaxe ás persoas usuarias sen perda de calidade. Segundo puidemos comprobar na páxina web da propia Consellería de Mobilidade, bus.gal, non hai ningunha liña directa que faga este servizo e tampouco hai opción de ningún transbordo xa que os tempos de espera son superiores a 90 minutos.

A información ás persoas usuarias desta liña, mesmo dirixíndose telefonicamente ao servizo de información sobre as opcións de transbordo, é inexistente. Concellos como Arzúa quedarían a día de hoxe, sempre segundo a información da

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:38:41
Nº Rexistro: 6894
Data envio: 28/12/2020 12:38:41.660

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propia Consellería na páxina web, sen conexión coa Coruña e nos casos doutros concellos como Abegondo, ós que esta liña daba servizo empeoran substancialmente os horarios e tempos de desprazamento.

Ademais, os traballadores que viñan realizando este traxecto da empresa Autos Garabanxa non foron subrogados por ningunha outra empresa ó non saír esta liña a contrato e temen polo seu posto de traballo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que pensa facer o goberno galego para restablece-la calidade do servizo dos usuarios das liñas suprimidas e modificadas que unían os concellos de Vila de Cruces e Santiso coa cidade da Coruña ?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:38:41
Nº Rexistro: 6894
Data envio: 28/12/2020 12:38:41.660

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/12/2020 12:37:45

Paulo Ríos Santomé na data 28/12/2020 12:37:49

María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2020 12:37:53

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2020 12:38:00

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/12/2020 12:38:07

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6924
Data envio: 28/12/2020 16:12:40.801

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, **Pablo Arangüena Fernández**, **Patricia Otero Rodríguez** e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O día 26 de setembro de 2017 aprobouse no Parlamento galego a Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, que viña a adaptar a regulación galega á normativa estatal e directivas europeas en materia de protección animal unha lei que foi pouco ambiciosa e falta do consenso necesario.

Van xa máis de 3 anos dende a súa aprobación e non temos aínda un regulamento que especifique e desenvolva esta norma, que é tan necesario para regular tódalas súas actividades.

É hora de dar un paso máis aló na defensa, benestar e protección dos animais, desenvolvendo algúns aspectos prácticos e de aplicación desta lei xa que persiste o maltrato aos animais, e a resposta dos poderes públicos non está a ser todo o eficiente, rápida e contundente que debería.

Por outra banda, compre desenvolver tamén políticas de sensibilización tanto no ámbito educativo coma outras dirixidas á poboación do rural.

Temos que seguir avanzando na protección e benestar, así coma na tenencia responsable dos animais de compañía por iso necesitamos un Regulamento que:

1. Determine os coidados ou atencións mínimos necesarios que ten que ter un animal de compañía.
2. Aumente as medidas de control do abandono e o maltrato animal.
3. Estableza os requisitos necesarios para os centros de acollida de animais abandonados.
4. Facilite a persecución e castigo das conductas que poñan en perigo a integridade dos animais.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6924
Data envio: 28/12/2020 16:12:40.801

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Vai a Xunta a aprobar un regulamento de desenvolvemento da Lei 4/2017 do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, en consenso coas asociacións e demais axentes implicados?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 16:06:20

Pablo Arangüena Fernández na data 28/12/2020 16:06:27

Patricia Otero Rodríguez na data 28/12/2020 16:06:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 16:06:56

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6930
Data envío: 28/12/2020 16:26:21.391

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A crise económica e social xerada pola pandemia da covid-19, vai afectar de forma moi preocupante á mocidade, entre outros aspectos, nos seus procesos de emancipación.

A necesidade de dependencia cara os pais, interrompe e demora as súas transicións biográficas (formativas, laborais e residenciais).

As dificultades que a mocidade está a vivir non se reverten unicamente na debilidade da súa autonomía persoal, senón tamén alteran o relevo xeracional na nosa sociedade e poden quebrar a sustentabilidade do noso Estado do Benestar no próximo futuro.

Os datos din que a situación, que xa non era boa, empeorou aínda máis co impacto da pandemia, xerando que en Galicia, durante os seis primeiros meses do ano 2020, a porcentaxe da mocidade emancipada reducirase nun 1 %.

Establecendo, cada vez máis, unha estrutura económica na que a emancipación xuvenil é practicamente ficticia, e que é ao final desta etapa, cando a xuventude pode emanciparse e polo tanto empezar a desenvolver unha vida plena.

A Xunta de Galicia segue sen reaccionar ante a falla de oportunidades para a mocidade, necesitamos políticas de vivenda dirixidas a mellorar a calidade do aluguer, unha regulación que permita equilibrar os prezos a unha situación real na que o mercado responda ás necesidades.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6930
Data envío: 28/12/2020 16:26:21.391

Políticas de fomento do emprego entre a xente nova, xa que o asentamento nun territorio, débese non só a razóns familiares senón que, en moita medida inflúen motivos coma as expectativas laborais ou a prolongación do itinerario curricular.

A relación do mercado laboral co feito de que unha persoa nova poida establecerse nunha vivenda independente, é moi estreita e intensificouse non últimos anos.

Actualmente, só o 18,6 % das persoas entre 16 e 29 anos de Galicia está a residir nun fogar independente.

As dúas principais características da relación das persoas mozas co mercado traballo en Galicia, son, por unha banda, a súa escasa participación no mercado de traballo e, doutra banda, a precarización das condicións laborais, reflectidas na forte incidencia da temporalidade contractual ou as xornadas a tempo parcial, máis habituais aquí que no conxunto de España.

En relación ao acceso ao mercado da vivenda para a poboación nova galega, tanto en compra como alugueiro, a realidade e que é case imposible facer fronte ao pago para unha persoa nova en solitario.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que consideración lle merece á Xunta de Galicia que a emancipación xuvenil reducírase nun 1 % neste último ano?
2. Que medidas vai implementar a Xunta de Galicia para reverter esta tendencia?

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Cales son segundo o criterio da Xunta de Galicia os motivos que xustifican a escasa emancipación da mocidade?

4. Cree a Xunta de Galicia que a dificultade do acceso á vivenda e a falla de emprego estable son os principais motivos da escasa emancipación xuvenil?

5. Vai levar a cabo políticas públicas dirixidas a impulsar o acceso da mocidade á vivenda e ao emprego?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputados do G.P. dos socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 16:23:53

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 16:24:01

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 16:24:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 16:24:16

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/12/2020 16:24:24

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 10:02:24
Nº Rexistro: 6944
Data envio: 29/12/2020 10:02:24.526

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A creación da Policía Adscrita, responde a unha Orde do Ministerio do Interior, do 19 de xuño de 1991.

A mesma, no seu artigo primeiro, establece que a unidade policial depende organicamente do Ministerio do Interior e funcionalmente da Xunta de Galicia.

Dende a súa creación en 1991, a Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia vén desempeñando funcións de Policía Autonómica, de acordo coas previsións do artigo 38.1 da Lei Orgánica 2/1986, prestando importantes funcións en materia de seguridade; de protección de vítimas de violencia de xénero; de prevención e investigación de incendios forestais; de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal; de protección do medio natural e do patrimonio cultural; de protección de menores e familia, ademais doutras funcións transversais e administrativas.

A Unidade de Policía Adscrita cumpre as ordes e directrices das autoridades competentes da Xunta de Galicia, que na actualidade está representado pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, ante as que teñen que render contas das súas actuacións.

Todas e todos somos conscientes do gran labor que está a desempeñar a policía autonómica xa non só con carácter xeral, senón que incrementada neste momento de pandemia, onde as actuacións ordinarias sumáronselle outras coma a colaboración no control das restricións, labores humanitarias…..

A pesar disto, a actitude da Xunta de Galicia con este corpo policial non é todo o desexable que debería, incorrendo nunha conducta pouco igualitaria no trato, discrecional ante calquera discrepancia e de non cumprimento das actuacións necesarias para que poidan desenvolver o seu traballo coas máximas garantías e seguridade.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

O Vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia non recibe aos representantes sindicais da policía adscrita, rompendo con isto o diálogo social e non escoitando as demandas reais destes, coma pode ser a necesidade de chalecos individuais, os dereitos laborais e demais.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia a recuperar o diálogo social coa Policía Adscrita, reuníndose cos representantes das persoas traballadoras?

2. Vai solicitar a Dirección General da Policía os chalecos individuais necesarios para garantir a seguridade da policía adscrita no desenvolvemento das súas funcións?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 19:55:33

Pablo Arangüena Fernández na data 28/12/2020 19:55:41

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 11:12:02
Nº Rexistro: 6976
Data envio: 29/12/2020 11:12:02.149

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (modificada pola Lei 12/2016, de 22 de xullo), establece que a Xunta de Galicia garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero para posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver con ela unha relación de dominación e tentar axudalas a rachar coa situación de violencia.

O informe de prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero correspondente ao exercicio 2019 dá conta de 722 solicitudes presentadas ese ano, das que foron concedidas un total de 577. A evolución do número de concesións en relación co de solicitudes segue a moverse en torno ao 70 % nos últimos anos.

Das 145 solicitudes denegadas en 2019, o informe destaca que os motivos principais da denegación foron o incumprimento ou non acreditación dalgúns dos requisitos das bases da convocatoria. De feito, denéganse 31 porque non emendan requirimento de documentación, 12 porque non acreditan carencia de recursos económicos e outras 12 porque non acreditan situación de violencia machista nunha relación de convivencia e dependencia económica do agresor.

Á marxe doutras causas de denegación, ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle que 55 das 145 solicitudes se denegasen por problemas burocráticos que probablemente en moitos dos casos terían fácil solución. As mulleres vítimas de violencia machista atópanse nunha situación de vulnerabilidade e desánimo tal que o exceso de burocracia moitas veces fainas desistir da solicitude de axudas sexan do tipo que sexan, por iso entendemos que é preciso que as administracións nestes casos poñan todos os medios ao seu alcance para que ningunha muller quede sen protección ou axuda por esta razón.

A maiores, 23 das mulleres solicitantes non acreditaron ter cesado a convivencia co agresor ou coa persoa que mantiver con ela unha relación de dominación no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, un requisito que este grupo parlamentario xa denunciou por inxusto toda vez que estas axudas deberían ser precisamente un aliciente para que as mulleres desexen saír dunha situación de violencia e dominación.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Diante destes datos, que amosan que 1 de cada 4 mulleres solicitantes das devanditas prestacións económicas non son finalmente beneficiarias delas, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Realiza o Goberno galego algún tipo de seguimento a aquelas mulleres ás que se lles denega a prestación económica de carácter periódico para vítimas de violencia de xénero por razóns de incumprimento ou non acreditación dalgúns dos requisitos das bases da convocatoria coa fin de emendar eses erros?

2ª) Valora o Goberno galego alixeirar os trámites esixidos para a concesión desas axudas ou establecer un protocolo interinstitucional para que ningunha muller vítima quede sen a prestación por razóns burocráticas?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2020 11:09:28

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 29/12/2020 11:09:43

Paloma Castro Rey na data 29/12/2020 11:09:55

Pablo Arangüena Fernández na data 29/12/2020 11:10:06

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 7043
Data envio: 29/12/2020 16:04:05.454

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O día 22 de decembro de 2020 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou no Diario Oficiala de Galicia a *Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Segundo se xustifica na propia orde, o obxectivo desta reforma é ampliar o prazo de que dispoñen as familias para presentar solicitude de reserva de praza para continuar estudos nun centro adscrito, así como o prazo que teñen os centros educativos para a súa xestión, tendo en conta o elevado número de solicitudes de reserva de praza que xestionan en cada convocatoria e, ademais, permitir tamén unha correcta adecuación da posterior oferta de prazas naqueles casos nos que a fase de reserva non permita a escolarización de todo o alumnado solicitante.

O certo é que resulta curioso e digno de mención que a normativa que se modifica, que se leva aplicando sete cursos, non dese lugar a desaxustes significativos entre a demanda e a oferta dos centros que se consideran únicos a efectos de admisión.

Más plausible parece que esta modificación obedeza á intención amosada polo Partido Popular e anunciada polo Sr. Casado de que as comunidades autónomas gobernadas polo PP adianten a matriculación para sortear a lei Celaá (*vid.* diario *El Pais* na súa edición dixital do 12 de decembro de 2020).

O lamentable desta situación, con independencia da actuación planificada para tentar non aplicar unha lei orgánica tramitada con todas as garantías procedimentais tanto democráticas como parlamentarias, é que os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Universidade saben á perfección que a modificación introducida en nada modifica o proceso de admisión (salvo un adianto técnico duns poucos días e para o alumnado xa escolarizado e que pretende seguir no mesmo centro ou nos que se consideran únicos a efectos de admisión). O anterior é un recoñecemento explícito de que a o Goberno galego pretende dar a entender que segue as directrices do PP a nivel estatal, pero sen facer nada que teña a máis mínima incidencia.

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1ª) Supón, segundo o Goberno galego, algún cambio a modificación da normativa de admisión publicada para a admisión de novo alumnado no sistema educativo galego en centros sostidos con fondos públicos?

2ª) Cantos casos detectou o Goberno galego ao longo dos anos de aplicación da Orde do 12 de marzo de 2013 de falla de prazas para garantir a continuidade nos centros de adscrición?

3ª) No caso de se ter producido algún caso, que medidas se adoptaron?

4ª) Cre o Goberno galego que garda algunha relación a modificación normativa publicada coa intención manifestada polo Sr. Casado de que as comunidades autónomas gobernadas polo PP adianten a matriculación para sortear a lei Celaá?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/12/2020 16:01:36

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2020 16:01:52

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2020 10:00:00
Nº Rexistro: 7125
Data envio: 30/12/2020 16:53:18.038

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia.

En virtude deste competencia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento no ano 2016 a Oficina Doing Business Galicia.

O 10 de outubro de 2017, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Bussines Galicia".

O Protocolo pon unha serie de deberes aos concellos que consisten na axilización e simplificación administrativa dos trámites municipais, modificacións do réxime xurídico do concello e modificacións do réxime fiscal; así como o establecemento de prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial.

E na cláusula terceira do documento recóllense os compromisos da Xunta de Galicia:

" *Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:*

1. A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2020 10:00:00
Nº Rexistro: 7125
Data envio: 30/12/2020 16:53:18.038

2. Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas…), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3. Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de "Concello Doing Bussines Galicia", o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e identificarán os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios."

Pasados máis de tres anos dende a sinatura deste protocolo, a deputada e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cal foi, segundo o Goberno galego, a actividade do Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia?

2ª) Pode informar o Goberno galego da avaliación das necesidades do sector elaborada polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

3ª) Pode informar o Goberno galego de cales son as propostas de actuación nos distintos parques empresariais de Galicia elaboradas polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

4ª) Pode informarnos o Goberno galego onde están publicados os informes periódicos que ten que elaborar o Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

5ª) Cantos concellos, segundo o Goberno galego, contan coa condición "Concello Doing Bussines Galicia"?

6ª) Cal foi a actividade da marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, que se propoñía como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas funcionando a modo de xanela única?

7ª) Cantos convenios, segundo o Goberno galego, teñen asinado as entidades integrantes do sector público autonómico cos concellos galegos para que estes

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2020 10:00:00
Nº Rexistro: 7125
Data envio: 30/12/2020 16:53:18.038

poidan desenvolver áreas empresariais, segundo o establecido na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/12/2020 16:52:16

Juan Carlos Francisco Rivera na data 30/12/2020 16:52:28

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 10:28:26
Nº Rexistro: 7138
Data envio: 04/01/2021 10:28:26.545

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á creación dun centro en Galiza para a competitividade e a I+D+i no almacenamento de enerxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O coñecido como *Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030* (*PNIEC*) establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050. Sinala o almacenamento de enerxía nas súas diversas formas como unha das tecnoloxías que serán claves para a descarbonización, incluíndo 6 GW para a próxima década no sector eléctrico, cun balance de case que 250 TWh para 2030. Tamén prevé a elaboración dun *Plan de Desenvolvemento Industrial* que permita capturar o máximo potencial en canto a xeración de desenvolvemento económico e emprego industrial derivados da transición enerxética, no que o ámbito do almacenamento pode supoñer unha oportunidade para desenvolver unha cadea de valor propia que sexa competitiva a nivel galego, estatal e internacional.

Segundo a información dispoñible na web de *Rede Eléctrica de España* (*REE*) sobre o último balance eléctrico en Galiza (2020, provisional ao 31 de outubro), co peche político-administrativo e/ou de mercado das dúas térmicas de carbón e coa problemática das electrointensivas, nomeadamente os centros de Alcoa na Coruña e na

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 10:28:26
Nº Rexistro: 7138
Data envio: 04/01/2021 10:28:26.545

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mariña, Galiza continúa a derivar unha parte importante (33 %) da súa xeración eléctrica fóra do propio País, cun dato relevante: a xeración renovable (10 TWh) supera á demanda (8,7 TWh).

Doutra banda, aínda co abandono dos 1,4 GW que ata o de agora se movían con base de carbón importado, o carácter do municipio das Pontes (A Coruña) segue impregnado de enerxía; o ciclo combinado de gas, dúas centrais hidroeléctricas e cinco parques eólicos achegan máis de 1 GW ao sistema eléctrico ibérico. É necesario contabilizar, tamén, no mix enerxético pontés o seu recentemente estudado potencial renovable, que, segundo o documento, establécese en 437 MW de eólica (fronte aos 112 MW en funcionamento), 44 MW hidráulicos (60 MW actuais), 0,87 MW de biogás, e 981 MW fotovoltaicos -considerando só o 60 % da capacidade máxima instalable-, cunha xeración anual duns 2,1 TWh, que representaría o 24 % da demanda de Galiza en 2020 -ata o 31 de outubro-, segundo o dato anterior de *REE*. A potencia total sería de 2,5 GW, entre a renovable, existente e potencial, e a correspondente ao ciclo de gas (856 MW).

A pesar das reiteradas solicitudes dos últimos meses, e iniciadas xa as poxas de renovables e en pleno proceso de consulta previa pública sobre as bases das poxas da capacidade de acceso dos nós chamados de *transición xusta* - Meirama e As Pontes en Galiza-, o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico non informou nin fixo público o dato da capacidade de evacuación dos citados nós.

Así mesmo, a Xunta de Galiza mantense na súa política de opacidade e falta de iniciativa, sen manifestar propostas, opinións ou oposición ás decisións ou falta de decisión do goberno central. Compróbase o fracaso das directrices enerxéticas aprobadas durante o anterior mandato de Núñez Feijoo e a falta de vontade para deseñar

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 10:28:26
Nº Rexistro: 7138
Data envio: 04/01/2021 10:28:26.545

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de forma proactiva e dialogada un novo modelo enerxético galego ao servizo das necesidades territoriais, sociais e económicas.

Atendendo aos datos públicos de *REE* para o caso das Pontes, o potencial de xeración do municipio, en fontes e en produtividade, xunto ao carácter histórico imposto a Galiza de produtora e exportadora de electricidade, evidencian a oportunidade e a necesidade -e a obriga de compensación para con ela e as súas xentes- de, dentro da *Estratexia de Almacenamento Enerxético*, situar en Galiza un centro tecnolóxico encargado de levar a cabo os proxectos, xestionar e monitorizar os mesmos, así como participar no desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías que melloren a flexibilidade e a seguridade da rede eléctrica, que posibiliten dispoñer dunha verdadeira "*smartgrid*" ou rede intelixente; nel participarían as administracións competentes en enerxía e cambio climático, xunto ás responsables de áreas relacionadas e de interese (industria, mobilidade, urbanismo, formación, I+D+i, ...), así como empresas, institucións e organismos interesados.

A aplicación de diversas tecnoloxías de almacenamento dentro dunha mesma rede, o desenvolvemento e testado de novos sistemas, e a investigación e desenvolvemento no campo do almacenamento enerxético teñen nas Pontes un enclave perfecto para a súa implantación, no que o deseño de cada instalación de almacenamento, así como a súa programación temporal, coordinaríase co ritmo da instalación das fontes renovables no termo municipal, posibilitando dar resposta á necesidade de probar, en escenario real, o comportamento das diferentes tecnoloxías eléctricas, electroquímicas, mecánicas, térmicas e químicas do almacenamento, a gran escala, en redes, e a nivel de usuario final.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 10:28:26
Nº Rexistro: 7138
Data envio: 04/01/2021 10:28:26.545

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Defende a Xunta de Galiza que o noso país debe apostar por localizar a creación dun centro en Galiza para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía?

Considera a Xunta de Galiza que o almacenamento enerxético é unha vía de investigación e innovación importante para o futuro?

Debe Galiza apostar pola innovación e o valor engadido no sector enerxético ou conformarse cun modelo espoliador que esquilma recursos naturais para fundamentalmente exportar enerxía a outros polos industriais?

Considera que esta iniciativa sería posíbel ao abeiro do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC)?

Está disposta a Xunta de Galiza a defender unha iniciativa deste tipo e a súa propia participación pública?

Considera a Xunta de Galiza que para unha transición enerxética xusta e polo seu carácter estratéxico sería unha adecuada ubicación o municipio das Pontes? Vai dialogar ou ten dialogado con este concello e cos seus foros de transición para avaliar esta cuestión?

Santiago de Compostela, 04 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 10:28:26
Nº Rexistro: 7138
Data envio: 04/01/2021 10:28:26.545

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2021 10:21:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2021 10:21:36

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 11:21:14
Nº Rexistro: 7145
Data envio: 04/01/2021 11:21:14.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os Plan do Carbón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tratamento inxusto da Galiza en todos os Plans do Carbón, dos gobernos estatais do PP e do PSOE, é unha evidencia contrastábel con datos, con asignacións de fondos por debaixo dos que corresponderían da aplicación dos parámetros fixados polos asinantes, e con infraestruturas que non se executaron na súa totalidade, diminuíndo aínda máis os xa escasos fondos. Só no Plano 2006-2012 (Plan Miner II), segundo a documentación entregada pola Xunta en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG, o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras asignara a Galiza 80,52 M€ até abril de 2012, cun grao de execución do 26,16%, uns 21,07 M€ comprometidos; no caso das Pontes, tiña pendentes 17 infraestruturas por un importe de 53,385 M€, preto do 77 % do total. Para o Concello a situación das infraestruturas é a que se reflicte no seguinte cadro:

PROXECTOS (PENDIENTES DE QUE SE HABILITE PARTIDA E SE NOS ENVIEN PARA FIRMA)	**10.100.000**
Edificio multifuncional	5.000.000
Actuación s/Polígono Airios	2.800.000
Actuación zona Rebardille	800.000
Equipamento servicio para PEMES	1.400.000

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 11:21:14
Nº Rexistro: 7145
Data envio: 04/01/2021 11:21:14.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Oficina recolocacion (PENDIENTE MODIFICACIÓN CONVENIO)	100.000
PROXECTOS (PENDIENTES CONVENIOS A TRES BANDAS)	**34.732.000**
Xeriátrico	5.700.000
Desenv. Solo industrial Penapurreira	23.758.000
Estrada Airios-Momán	1.200.000
Equipamento zona Deportiva Canle IV	600.000
Museo minería	2.000.000
Melloras Pol.Penapurreira	227.000
Dotación infraestructura Gas os Airios	1.247.000
PROXECTOS 2012 (PENDIENTES INCLUSION EN PROTOCOLO)	**9.999.826**
Adquisición de Terreos Aparral para promoción solo industrial	3.852.000
EDAR poligono penapurreira	1.400.000
Centro Integral para persoas con discapacidade	1.904.707
Sanemento en Villerma, Espiñaredo e 1ª fase de Bermui	363.119
Paseo fluvial lago de As Pontes (casilla-Alimpadoiros)	2.280.000
Oficina recolocación As Pontes	200.000
TOTAL	**54.831.826**

Do total, o estado ten recoñecido, por escrito, na resposta ao BNG no Congreso en abril de 2014, un total de 10.181.180,46 euros en 7 convenios que "... *aunque se inicio su tramitación no se pudo firmar*".

O goberno do estado ten deseñado, dentro da denominada como *Estratexia de Transición Xusta*, o *Plan de Acción Urxente para Comarcas do Carbón e Centrais en Peche 2019-2021*, xa en aplicación, dotado con 130 M€, para dar resposta a problemas urxentes con pouco marxe para un traballo de anticipación mediante os chamados *Convenios de Transición Xusta*. O seu desenvolvemento dispositivo faise mediante modificacións no Plan do Carbón 2013-2018 (RD 675/2014), nomeadamente mediante o RD Lei 25/2018 de *medidas urxentes para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sustentábel das comarcas mineiras*, que amplía o prazo temporal até 2023, mais non o ámbito xeográfico das axudas, no que Galiza ("A Capela,

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 11:21:14
Nº Rexistro: 7145
Data envio: 04/01/2021 11:21:14.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordenes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoya, Puentes de García Rodriguez, Muras, Xermade") figura con "**carácter excepcional**" (artigo 4 RD 675/2014).

Segundo a información da web do *Instituto de Transición Xusta* -organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco)-, as axudas ao desenvolvemento de infraestruturas e de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira créanse ao obxecto de incentivar o desenvolvemento alternativo á minería do carbón, financiando actuacións coherentes e complementarias coa planificación autonómica e local e adicional ao esforzo investidor das Comunidades Autónomas e do goberno do estado; entre as actuacións financiábeis figuran infraestruturas (polígonos industriais, telecomunicacións, enerxía, viveiros, centros tecnolóxicos) e restauracións (recuperacións forestais, revalorizacións, saneamentos atmosféricos, edars); figuran como beneficiarios os municipios mineiros de Aragón, Castela A Mancha, Castela e León e Principado de Asturias, e, con **carácter excepcional**, os de Andalucía, Cataluña e Galiza.

O 28 de decembro, en nota de prensa, o Miteco facía pública a adxudicación polo *Instituto de Transición Xusta* de 110,7 M€ de axudas directas para infraestruturas municipais, correspondentes ao Plan do Carbón 2013-2018, para un total de 98 proxectos en municipios mineiros de Aragón, Castela A Mancha, Castela e León e Principado de Asturias, a iniciar algún deles en 2021, e que, segundo o Miteco, "... *terán un efecto positivo na xeración de emprego local no curto prazo* ..."; a aportación financia o 75 % do custe, mentres que as comunidades autónomas aportan o 25 % restante, para completar un investimento total 147,5 M€.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 11:21:14
Nº Rexistro: 7145
Data envio: 04/01/2021 11:21:14.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

COMUNIDADE	FONDOS ESTATAIS (M€)	TOTAL (M€)	PROXECTOS
Aragón	12,0	16,1	24
Asturias	69,8	93,1	60
Castela e León	22,6	30,2	10
Castela A Mancha	06,1	08,1	04

A tipoloxía dos proxectos é variada, incluíndo un centro de traballo e economía social vinculado a un centro de atención a persoas con discapacidade, unha ampliación dunha residencia de maiores, construción de centros de día, actualización dos polígonos industriais, viveiros de empresas, potenciación da actividade tradicional local, transformación de zonas degradadas en áreas de actividades turísticas e culturais, eficiencia enerxética en vivendas públicas con tecnoloxías como a aerotermia, prolongación dunha rede de xeotermia para auga quente sanitaria a un hospital, ampliación de centros de empresas de novas tecnoloxías da información e a comunicación, un Centro Tecnolóxico da Castaña coa posta en marcha dunha empresa de capital público, con 50 empregos, destinada á transformación deste froito mediante procesos de secado, lavado e moenda, coa plantación de miles exemplares de novos castiñeiros nunha escombreira, ...

Segundo o Miteco, a base legal das subvencións directas anteriores é o Real Decreto 675/2014 do 1 de agosto, que establecía as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira, e nas que Galiza ("A Capela, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordenes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoya, Puentes de García Rodriguez, Muras, Xermade") figura con "**carácter excepcional**" (artigo 4).

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 11:21:14
Nº Rexistro: 7145
Data envio: 04/01/2021 11:21:14.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para defender Galiza diante dos sucesivos agravios respecto dos Plans do Carbón?

Cales foron as xestións realizadas pola Xunta cos Concellos de A Capela, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, As Pontes, Muras, e/ou Xermade, posíbeis beneficiarios das axudas directas para infraestruturas municipais reguladas polo Real Decreto 675/2014? En que datas?

Cales foron as xestións realizadas pola Xunta co goberno do Estado para que Ga-liza concretara a súa condición de beneficiaria nas axudas directas para infraestruturas municipais adxudicadas polo Instituto de Transición Xusta? En que datas? Para que proxectos e Concellos?

Cales foron os motivos polos que Galiza non foi adxudicataria nas axudas directas para infraestruturas municipais adxudicadas polo Instituto de Transición Xusta?

Que actuacións vai desenvolver a Xunta diante do goberno do Estado para defender os interese lexítimos de Galiza, nomeadamente os dos Concellos incluídos nas subvencións directas ao amparo do Real Decreto 675/2014 do 1 de agosto, que establecía as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira?

Santiago de Compostela, 04 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2021 11:21:14
Nº Rexistro: 7145
Data envio: 04/01/2021 11:21:14.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Mercedes Queixas Zas

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2021 11:19:46

Mercedes Queixas Zas na data 04/01/2021 11:19:49

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2021 11:19:59

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2021 09:30:14
Nº Rexistro: 7181
Data envio: 05/01/2021 09:30:14.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a campaña de vacinación contra a COVID-19 nas residencias de maiores e as previsións da Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de decembro a Xunta de Galiza iniciaba a campaña de vacinación contra a COVID-19 após recibir 500 doses de Pfizer-BioNTech. Fíxoo na residencia Porta do Camiño (Compostela).

Ao longo da primeira semana, segundo os datos facilitados polo Goberno galego, a vacina foi subministrada a 9.500 persoas entre residentes e traballadoras das residencias de maiores galegas prevendo chegar a todas e todos eles (por volta de 37.000) no primeiro mes.

As residencias de maiores foron un dos principais focos de contaxio da pandemia e as súas usuarias e usuarios representan un dos colectivos poboacionais máis vulnerábeis. De feito, desde que se decretou a emerxencia sanitaria, máis do 40% de persoas falecidas con COVID-19 en Galiza eran usuarias de residencias.

Así as cousas, non toda a poboación maior en Galiza é usuaria dunha residencia. De facto, son algo máis de 20.000 as persoas que residen nalgúns destes centros.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2021 09:30:14
Nº Rexistro: 7181
Data envio: 05/01/2021 09:30:14.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto esixe unha enorme planificación e organización para garantir que a vacina chega ao conxunto da poboación coa maior celeridade posíbel sendo prioritaria a máis maior ademais dos colectivos de risco.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cal é o plan que está a seguir a Xunta de Galiza para a vacinación das persoas maiores no noso país, tanto as usuarias de residencias como aquelas que viven nos seus fogares?

Que calendario e obxectivos se marca o Goberno galego a este respecto?

Que criterios se van seguir para garantir que a vacina chega a toda a poboación maior de 65 anos en Galiza?

Como se desenvolverá no rural?

Santiago de Compostela, 05 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2021 09:30:14
Nº Rexistro: 7181
Data envio: 05/01/2021 09:30:14.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2021 09:25:52

María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2021 09:25:55

Iria Carreira Pazos na data 05/01/2021 09:26:03

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2021 13:56:13
Nº Rexistro: 7228
Data envio: 05/01/2021 13:56:13.148

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o funcionamento e estado da unidade de traumatoloxía pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días dende a unidade de traumatoloxía pediátrica do Servicio Galego de Saúde en Ourense se esta a informar a numerosas familias de Ourense o adiamento da data marcada para a revisión do estado da escoliose que padecen as súas fillas ou fillos, sen que se lles participe a razón de tal aprazamento, máxime cando xa se aproximaba a data da referida revisión.

Como é ben sabido o tratamento dunha deformidade de columna en adolescentes require dun seguimento regular da curvatura a fin de determinar con precisión a súa evolución e xa que logo o tratamento a aplicar. As referidas revisións non debería espazarse en períodos superiores aos 4 ou 6 meses entre cada unha.

Pois ben na unidade de traumatoloxía pediátrica de Ourense, mesmo no caso de adolescentes con escoliose significativas e as que se lle prescribiu o uso de corsé ortopédico, está a aprazar, sen explicación da causa que o puidera xustificar, a cita para comprobar a evolución do estado da columna vertebral. Revisión inicialmente fixada no límite do aconsellable, isto é, cada seis meses. Tan prolongados períodos de tempo para

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2021 13:56:13
Nº Rexistro: 7228
Data envio: 05/01/2021 13:56:13.148

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

verificar a evolución da enfermidade impide comprobar o acerto da medida correctora adoptada, así como a influencia que o crecemento da adolescente está a ter na desviación da columna vertebral. Que non é menor, cando menos no caso de pacientes ás que se lles prescribiu medidas de ortese.

Malia que, como quedou exposto, ás familias afectadas non se lles está a explicar as razóns do aprazamento, pode deducirse que a mesma non ten a súa causa, cando menos exclusiva, na situación derivada da Covid-19, posto que este tipo de demoras xa se estaban a producir con anterioridade á pandemia.

Así, hai unhas semanas recollíase na edición local dun medio de comunicación social o caso dunha rapaza de apenas 8 anos á que, tras constarse a existencia dunha dupla curvatura de columna - superior a 25º- non se prescribiu tratamento algún, non informándose á familia sobre o estado da menor, ate hai máis de ano e medio despois, cando a desviación da columna era máis pronunciada e as posibilidades de intervención e corrección moito máis limitadas e agresivas. E ante tal neglixencia a resposta dende a unidade de traumatoloxía pediátrica non foi a inmediata emenda do erro cometido, senón tratar de trasladar á familia a responsabilidade do acontecido, mesmo sendo expulsada da consulta, sen causa ou comportamento que o puidera xustificar.

Xa que logo a unidade de traumatoloxía pediátrica carece de medios e recursos abondo para unha acaída atención ás necesidades da poboación ourensá, o que poderá comprometer gravemente a saúde e calidade de vida, tanto no presente coma no futuro, da cidadanía.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2021 13:56:13
Nº Rexistro: 7228
Data envio: 05/01/2021 13:56:13.148

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cal é o numero de consultas ou citas de traumatoloxía pediatría adiadas nos dous últimos trimestres de 2020?

Cal é a razón pola que se procedeu ao adiamento da data fixada para revisións na unidade de traumatoloxía pediátrica?

Con que periodicidade é preciso controlar a evolución da desviación de columna en rapaces e rapazas de entre 8 e 18 anos?

A falla de control na evolución da escoliose en menores pode limitar a corrección da desviación de columna á intervención cirúrxica?

Cantos procedementos disciplinarios e de responsabilidade patrimonial incoáronse nos anos 2019 e 2020 por eivas no funcionamento na unidade de traumatoloxía pediátrica?

Santiago de Compostela, 05 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2021 13:56:13
Nº Rexistro: 7228
Data envio: 05/01/2021 13:56:13.148

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/01/2021 13:53:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/01/2021 13:53:26

María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2021 13:53:35

Iria Carreira Pazos na data 05/01/2021 13:53:43

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 10:42:56
Nº Rexistro: 7367
Data envio: 07/01/2021 10:42:56.894

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación:**

A campaña de vacinación contra a COVID supón a ferramenta máis potente de combate contra a pandemia, e tamén un instrumento que permitirá a recuperación da maior e máis segura actividade dende o inicio o pasado marzo das medidas de confinamento e/ou restricións.

Esta situación está a supoñer unha esperanza e a ser motivo de gran expectativa por parte de todos os sectores implicados tanto dende a propia sanidade, como os sectores económicos e, en definitiva, de toda a cidadanía.

A preparación da campaña de vacinación vén de longo, e os acordos e colaboración mutua entre ministerio e comunidades autónomas vén advertindo a necesidade de que a campaña sexa deseñada e executada coa maior eficiencia posible. Así, o Ministerio de Sanidade ten garantido a subministración de doses de vacinación, con protocolos de entrega e calendarización destas para que as CCAA poidan desenvolver a práctica operativa da vacinación.

Con todos estes elementos, resulta moi importante ter toda a preparación necesaria e os reforzos precisos para desenvolver esta campaña coa maior intensidade posible, aproveitando todas as posibilidades e exprimindo ao máximo as opcións que o sistema sanitario público ofrece, que son moitas.

Non en tanto, os primeiros datos amosan diversas posibilidades de mellora sobre a execución actual, tanto en volume como en operatividade, que pasan por unha maior dotación de recursos humanos que permita, á súa vez, facer un traballo máis reforzado en vacinación á maior cantidade posible de persoas. Estas posibilidades de mellora están relacionadas, tamén, co aproveitamento dos tempos e días para a vacinación, que semellan ser aínda mellorables se os recursos humanos destinados a tal fin se redimensionan na medida necesaria. Estas posibilidades están a ser exemplarmente desenvolvidas por algunhas CCAA como Asturias, que notificou estar nos niveis óptimos de vacinación aplicando todas as doses de que se dispoñen no menor tempo posible, reforzando amplamente o cadro de persoal de profesionais e aproveitando todas as franxas horarios e días dispoñibles.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte Interpelación:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

1.ª) Por que o Goberno da Xunta de Galicia non intensifica a campaña de vacinación contra a COVID ata chegar ao máximo posible de doses aplicadas?

2.ª) Existe, ante os niveis acadados nos inicios da vacinación, intención por parte do Goberno da Xunta de Galicia de ampliar a contratación extraordinaria de profesionais sanitarios para a campaña de vacinación?

3.ª) Ten o Goberno da Xunta de Galicia a previsión de ampliar os horarios e días habilitados para vacinación organizando calendarios e quendas para poder optimizar o volume de doses aplicadas?

Pazo do Parlamento, 05 de xaneiro de 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/01/2021 10:36:42

Marina Ortega Otero na data 07/01/2021 10:36:53

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 11:43:23
Nº Rexistro: 7380
Data envio: 07/01/2021 11:43:23.585

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e **Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre ás actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galiza para preservar o patrimonio artístico das extintas caixas de aforro galegas, declarado BIC en 2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fusión das caixas de aforro de Galiza en 2010 e o forzado proceso de bancarización continuado, aprobado polo Banco de España contando coa autorización da Xunta de Galiza, conduciu á eliminación de facto das caixas de aforro galegas, que significou o espolio do aforro galego, o peche de múltiples oficinas, o despido masivo de traballadores e a desaparición do extenso proxecto cultural que acompañaba unha importante e valiosa obra social.

Como é ben sabido, as caixas de aforro galegas, Caixa Galicia e Caixanova, contaban, no seu valor engadido, cun importante patrimonio artístico, ao seren posuidoras dunha das máis relevantes coleccións de arte no Estado e unha das máis significativas de arte galega moderna e contemporánea.

Un patrimonio cultural de excelso valor para a conservación e preservación da nosa memoria cultural que foi adquirido cos beneficios dos aforros do pobo galego e que hoxe, dez anos despois dun proceso que volve estar sometido aos interrogantes xudiciais, se atopa nun futuro incerto.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 11:43:23
Nº Rexistro: 7380
Data envio: 07/01/2021 11:43:23.585

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sobre este asunto xa se ten pronunciado esta Cámara en lexislaturas anteriores. Cómpre salientar o acordo conseguido, sobre unha proposición non de lei a proposta do BNG, no que se instaba a Xunta de Galiza a promover a conservación das coleccións de arte que tiñan Caixa Galicia e Caixanova e velar para que fosen postas a disposición do patrimonio público galego.

O DOG do 27 de outubro de 2015 publicaba o decreto polo que se declaraba ben de interese cultural a colección de arte de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., unha protección que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural xustificaba por se tratar dun *elemento fundamental do patrimonio cultural de Galicia por ser un conxunto singular e extenso da arte da pintura galega, complementada con obras nacionais e do estranxeiro que conforman un discurso coherente e da máxima relevancia, e que son de interese para a permanencia da identidade do pobo galego.*

O DOG do 29 de outubro de 2015 publicaba o decreto polo que se declaraba ben de interese cultural a colección de arte da Fundación Galicia Obra Social (Afundación). De novo a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural xustifica este nivel de protección, *consciente de que como colección resulta un elemento fundamental do patrimonio cultural de Galicia, por ser un conxunto senlleiro e moi representativo principalmente da pintura galega moderna e contemporánea que, a pesar de partir dun conxunto diverso de procesos de provisión, resulta de interese para a permanencia da identidade do pobo galego*.

Estas dúas declaracións BIC para o conxunto patrimonial artístico procedente das extintas caixas de aforro galegas viñan precedidas da declaración BIC para o fondo bibliográfico e documental de Abanca Corporación Bancaria, S.A. no Decreto 113/2015, *polo valor histórico e documental que supoñen como colección para a identidade do pobo galego,*

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 11:43:23
Nº Rexistro: 7380
Data envio: 07/01/2021 11:43:23.585

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, un repertorio patrimonial que constitúe unha colección artística que é un dos piares básicos para recrear boa parte da historia cultural da identidade galega para as xeracións vindeiras e que, no entanto, na última década perdeu presenza na súa traslación á sociedade galega ao se esvaecer a acción formativa e pedagóxica, así como a propiamente expositiva das coleccións artísticas, nos diferentes centros que constitúen outro patrimonio fundamental como bens inmobles.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Está a Xunta de Galiza a realizar o seguimento do estado de conservación, mantemento e difusión destas dúas coleccións artísticas declaradas BIC en 2015?

. Ten elaborado algún informe ao respecto no último lustro?

. Coñece o estado de conservación das obras nos edificios que acollen as dúas coleccións BIC? Coñece como están almacenadas e preservadas ambas as dúas coleccións? En que espazos e con que medidas de seguridade?

. É consciente o goberno da situación do patrimonio arquitectónico das extintas caixas - edificios de uso cultural e social que están espallados por todas as cidades?

. Que opinión lle merece o proxecto cultural desenvolvido polos actuais propietarios á hora de visibilizar este patrimonio artístico entre a sociedade galega e referencialo no contexto cultural internacional?

. Considérao suficiente e á altura dun patrimonio artístico como este de máxima relevancia para a identidade cultural galega?

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 11:43:23
Nº Rexistro: 7380
Data envio: 07/01/2021 11:43:23.585

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten estabelecido a Xunta de Galiza un marco de relación continuada co actual propietario privado das dúas coleccións?

. Ten pensado nalgún momento actuar para asegurar a cesión desta magna obra artística a institucións e museos de titularidade e/ou xestión pública para a súa exposición en Galiza?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2021 11:41:52

Daniel Castro García na data 07/01/2021 11:41:56

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/01/2021 11:42:06

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:02:46
Nº Rexistro: 7385
Data envio: 07/01/2021 12:02:46.324

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e **Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o gromo da residencia Domus VI no concello de Vimianzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimianzo é un dos concellos de Galiza que máis está a sufrir coa covid-19, o que provocou que se tiveran que adoptar estritas e necesarias medidas sanitarias que supuxeron que o concello leve confinado, a día de hoxe, máis de dous meses.

E especialmente viuse afectada a Residencia de Maiores "DomusVi Vimianzo", que sufriu xa en abril un gromo que afectou a sete traballadores e a un residente, todas elas asintomáticas. Estamos a falar dun centro con 150 residentes.

No momento de redactarse esta iniciativa, a situación neste centro de maiores é preocupante dende o punto de vista sanitario, ao producirse un novo gromo con máis de 90 casos positivos, moitos deles residentes e afectando tamén a varios traballadores e persoal sanitario do centro.

Este novo brote xa provocou a morte de dous residentes.

Na primeira quincena de decembro un traballador do centro, con sintomatoloxía propia da covid-19, e que viña prestando servizos na Residencia de Maiores con normalidade, deu positivo despois de PCR realizada.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:02:46
Nº Rexistro: 7385
Data envio: 07/01/2021 12:02:46.324

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe a Residencia de Maiores DomusVi Vimianzo ten o maior gromo de covid de toda Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación :

- Tendo en conta que estamos a falar do segundo gromo nesta Residencia de Maiores, que medidas sanitarias preventivas se adoptaron por parte da Xunta na Residencia de Maiores "DomusVi vimianzo" despois do primeiro gromo? coñece a Xunta as concretas medidas adoptadas polo centro ante o primeiro gromo?

- Que medidas sanitarias preventivas se adoptaron pola Xunta neste mesmo centro en relación ao segundo gromo? coñece a Xunta as concretas medidas adoptadas polo centro no segundo gromo?

- Un traballador do centro deu positivo na PCR na primeira quincena de decembro, adoptouse algunha medida sanitario preventiva pola Xunta na Residencia de Maiores "DomusVi Vimianzo", unha vez detectado ese positivo? coñece as concretas medidas adoptas polo centro ante ese positivo?

- Ten prevista a Xunta realizar un cribado masivo no centro, atendendo ao elevado número de positivos e aos dous falecementos?

- Coñece a Xunta como se están a cubrir pola Dirección e Coordinación da Residencia de Maiores "DomusVi Vimianzo" as baixas dos profesionais ocasionadas pola covid ou polas libranzas ás que legalmente teñen dereito?

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:02:46
Nº Rexistro: 7385
Data envio: 07/01/2021 12:02:46.324

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Coñece a Xunta con cantos profesionais médicos (doutoras en medicina) contan na Residencia de Maiores "DomusVi Vimianzo", o seu horario e se prestan servizos unicamente neste centro?

- Coñece a Xunta con cantos profesionais médicos (enfermeiros titulados) contan na Residencia de Maiores "DomusVi Vimianzo", o seu horario e se prestan servizos unicamente neste centro?

- Ten previsto a Xunta intervir a Residencia de Maiores "DomusVi Vimianzo"?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: Asdo.: **Daniel Pérez López**
Olalla Rodil Fernández
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/01/2021 12:01:33

Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2021 12:01:37

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:30:07
Nº Rexistro: 7388
Data envio: 07/01/2021 12:30:07.501

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o novo modelo de residencias que prevé deseñar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Política Social anunciou a finais do pasado ano 2020 a creación do Comité asesor sociosanitario, un órgano encargado de trazar as "liñas mestras" polas que transcorrerá o futuro do sector, segundo informou o goberno galego publicamente.

Neste senso, descoñécese a composición dese comité nin a dinámica coa desenvolverá os seus traballos.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego vimos reclamando un cambio de rumo na atención das persoas maiores e dependentes en Galiza desde hai anos. Unha mudanza que non debe apenas restrinxirse aos centros residenciais senón abordar no seu conxunto todo o sistema de coidados.

A pandemia provocada pola COVID-19 puxo en evidencia as carencias e desigualdades que xera o sistema actual (profundamente privatizado) mais que estaban presentes antes da crise sanitaria. Así mesmo, fixo innegábel a necesidade urxente de artellar e despregar un conxunto de servizos que garantan o dereito a unha vellez digna. Ora ben, cunha visión integral que vaia alén da institiucionalización.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:30:07
Nº Rexistro: 7388
Data envio: 07/01/2021 12:30:07.501

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A axuda no fogar, os centros de día, a teleasistencia, os servizos comunitarios e de proximidade … non son elementos illados senón un todo que non pode abordarse por separado. De facto, en Galiza hai por volta de 21.000 persoas usuarias de residencias de maiores, unha pequenísima parte de todas as persoas maiores do noso país (o 25% da poboación galega ten máis de 65 anos). A modo de exemplo, en Galiza hai máis persoas (segundo o IGE) con idades comprendidas entre os 90 e os 94 anos que usuarias de residencias.

Porén, no discurso que a Xunta de Galiza traslada desde que a COVID19 impactou con toda a súa crueza nas residencias de maiores, restrinxe apenas o debate arredor das residencias mais non ao conxunto dos servizos sociais.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Que persoas e/ou entidades fan parte do Comité asesor sociosanitario?

- Cal é o plan de traballo deste comité e o seu obxectivo?

- Pensa a Xunta de Galiza restrinxir apenas ás residencias o debate sobre a atención ás persoas maiores no noso país?

- Cre o Goberno galego que a axuda no fogar, os centros de día ou os servizos sociais comunitarios non merecen unha revisión?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:30:07
Nº Rexistro: 7388
Data envio: 07/01/2021 12:30:07.501

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2021 12:27:47

María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2021 12:27:50

Iria Carreira Pazos na data 07/01/2021 12:27:58

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:57:26
Nº Rexistro: 7394
Data envio: 07/01/2021 12:57:26.861

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación no centro de saúde de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai apenas dous meses, o parlamento galego pronunciábase unanimemente sobre a iniciativa do BNG para acabar coas listas de espera na atención primaria e presentar un plan de continxencia co obxectivo de garantir a asistencia tanto na atención primaria como na hospitalaria. Un acordo que propoñía reactivar as consultas presenciais na atención primaria apostando polo persoal e por medidas de prevención para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

A pesar deste e doutros acordos tomados a nivel parlamentar, a día de hoxe a Xunta dista moito de estar poñendo os medios necesarios para solucionar a grave situación da atención primaria en Galiza, a comezar pola forte presión que viven os seus profesionais por mor da carga asistencial, a precariedade, a falla de medios e a descoordinación, que continúan a ser impedimento para garantir a saúde dos usuarios e usuarias e deterioran cada vez máis o propio sistema sanitario.

Esta situación, agravada agora aínda moito máis pola pandemia, non é nova e vén derivada dos numerosos recortes e a redución do gasto público levada a cabo polo goberno galego nos últimos once anos.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:57:26
Nº Rexistro: 7394
Data envio: 07/01/2021 12:57:26.861

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación que se está a vivir no centro de saúde de Ribeira é un exemplo extremo da desidia das autoridades sanitarias e das consecuencias que conleva para os seus profesionais e, sobre todo, para os seus usuarios e usuarias.

Nun centro onde debían traballar habitualmente 9 facultativos pola mañá (para cubrir un cupo total de 12.686 pacientes) e 5 pola tarde (para cubrir un cupo total de 7.836 pacientes), ademais de 4 pediatras (para cubrir un cupo total de 3.536 pacientes), contaban a finais do ano que vén de rematar con 3 médicos de familia e dúas pediatras. A día de hoxe, continúan en cadro: Entre 5 e 6 facultativos na quenda de mañá, onde o máis habitual e que sexan só 3 ou 4. Na quenda de tarde, 3. E dúas pediatras de mañá, unha delas facendo 2 tardes á semana e outra tarde cubríndose con profesionais doutros centros (hospital da Barbanza, Porto do Son, A Pobra) de tal xeito que sempre quedan dúas tardes á semana sen pediatra no centro.

Os pacientes dun día calquera deberan ser entre 30 e 35, mais as axendas que soportaron os e as facultativas nos últimos días do ano 2020 foron de entre 70 e 85 persoas, e mesmo a día de hoxe continúan entre 40 e 60 persoas.

A este despropósito hai que sumar aínda as urxencias que podan darse e tamén que, no caso da especialidade de pediatría, o centro de Ribeira está asumindo aos menores procedentes do centro de saúde da Pobra que nestes momentos continúa sen pediatra e que provoca que unha das profesionais destinada no Hospital da Barbanza sexa trasladada, un día á semana, a reforzar o servizo no centro de saúde.

Ademais, o centro é tamén deficitario en canto a PSX e persoal de enfermería. No primeiro caso, conta con 4 de mañá e 2 de tarde, que se reforzou nestes días e puntualmente polo exceso de traballo cun máis pola tarde, xa que fronte á circunstancia de atender axendas imposíbeis víronse na obriga de chamar a un grande número de

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:57:26
Nº Rexistro: 7394
Data envio: 07/01/2021 12:57:26.861

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pacientes para pospoñerlle ou cancelarlle a cita. No segundo caso, vén sendo habitual tamén que non se cubran as ausencias e que se fagan intersubstitucións entre as que están activas. De calquera xeito, é de suliñar que non todos os cupos de facultativos dispoñen de enfermeira ou enfermeiro asignado, o que é importante para evitar as distorsións que isto produce no quefacer diario.

E, como colofón aos serios problemas de falla constante de persoal, hai que engadir os da falla de espazo dun edificio que se queda pequeno para a poboación á que ten que atender e que as autoridades locais prometeran xa hai tempo amplialo sen que ata o de agora se teña efectivizado tal promesa.

Neste sentido, existen xa demandas concretas feitas polo persoal do PAC que conta con dúas salas e que quedan só nunha cando coincide a quenda de tarde do centro co PAC, o que míngua considerabelmente a calidade, e mesmo a intimidade, que se lle debe garantir aos doentes.

Ao enquistamento da grave situación que se dá dende hai moito tempo no centro de saúde de Ribeira, hai que sumar agora a sobrecarga e a saturación derivada da pandemia da COVID-19, que supón que moito menos persoal teña que atender a un maior número de pacientes -tanto telefónica como presencialmente- e a unha carga burocrática excesiva, que nestes primeiros días de vacinación se tiveran xa destinado dúas profesionais de enfermería aos xeriátricos da localidade e que nas seguintes fases da vacinación teñan que atender a miles de persoas cun reducido cadro de persoal.

E diante deste colapso, do empeoramento da asistencia que se presta e que só se suple coa voluntariedade e a dedicación do persoal, as autoridades sanitarias continúan coa descoordinación, a falla de previsión e a falla de dotación de persoal que permita unha atención sanitaria digna á poboación.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:57:26
Nº Rexistro: 7394
Data envio: 07/01/2021 12:57:26.861

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A xerencia da EOXI de Santiago estivo en todo momento, e segue a estar, sabedora do que ocorre no centro de saúde de Ribeira sen que ese coñecemento servise ata o de agora para solucionar nada. Moi ao contrario, as cousas foron a peor e, diante dunha máis que posíbel terceira onda da pandemia e da complicación do labor asistencial, seguen sen atisbarse sequera previsións de reforzar o cadro de persoal e, polo tanto, de paliar cando menos os problemas existentes.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno galego da situación da atención primaria no centro de saúde de Ribeira?

Vai repoñer de inmediato as baixas de persoal que hai na actualidade?.

Cales son as razóns polas que non se levan a cabo as substitucións polos motivos que sexan do persoal sanitario?

Vai reforzar o cadro de persoal, sanitario e non sanitario, diante das necesidades derivadas da pandemia?

Vai normalizar a situación da especialidade de pediatría na comarca e evitar que o centro de Ribeira teña que asumir sen incremento de persoal a atención dos nenos e nenas doutros centros?

Considera que o espazo que hoxe ocupa o centro de Ribeira e o PAC que alí se ubica é o suficiente para atender con garantías á poboación?. De non ser así, vai estudar alternativas para a súa ampliación e a súa mellora?

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 12:57:26
Nº Rexistro: 7394
Data envio: 07/01/2021 12:57:26.861

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2021 12:53:56

María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2021 12:54:00

Rosana Pérez Fernández na data 07/01/2021 12:54:08

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 13:57:39
Nº Rexistro: 7403
Data envio: 07/01/2021 13:57:39.952

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as irregularidades no funcionamento das novas liñas de transporte metropolitano na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A posta en funcionamento das concesións de novas liñas de transporte de pasaxeiros en autobús puxo en evidencia as carencias do novo mapa de liñas, no que se ben se incluíron algunhas das demandas veciñais da contorna afectada, moitas outras, principalmente as da zona rural, amosaron o desapego do Partido Popular pola necesaria dinamización dos servizos públicos no medio rural.

A maiores diso, nos primeiros quince días puxéronse de manifesto varias cuestións que amosan tamén a carencia de sensibilidade polos usuarios e a falta de planificación das empresas concesionarias, antes de iniciar os servizos o día 23 de decembro, así como a falla de control da Xunta tal como lles correspondería:

1. Os novos itinerarios están producindo confusión e/ou está habendo incumprimentos de horarios e paradas por parte da empresa concesionaria que multiplican esa confusión entre os usuarios.

2. Chegaron queixas ao BNG de varias localidades, entre outras da comarca da Coruña, a respecto do cobro nos trasbordos que se publicitaron como

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 13:57:39
Nº Rexistro: 7403
Data envio: 07/01/2021 13:57:39.952

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gratuítos. Non é ata o 4 de xaneiro cando a empresa resposta admitíndoo, a través das redes sociais, e propón que se garden os recibos para reclamalos na estación de autobuses, algo ben pouco probábel con carácter retroactivo.

3. Non hai unha aplicación informática que permita coñecer o tempo que falta para chegar o bus á nosa parada ou que nos permita planificar o noso itinerario e tempo antes de saír. Algo que xa existe hai tempo noutras localidades galegas como A Coruña. Mesmo o bus metropolitano até esta renovación das liñas dispoñía dunha ferramenta, que se ben precaria por non ofrecer datos en tempo real, resultaba útil. Esta app foi solicitada nas alegacións que fixeron veciños e veciñas da comarca así como o propio BNG, até o de agora sen resposta positiva.

4. Nos mapas de rutas que parecen ser extraídos dos itinerarios que publica a Xunta na web https://www.bus.gal/gl/servizos/concellos de servizo metropolitano de Galicia, os topónimos son frecuentemente deturpados, incumprindo o nomenclátor oficial. Poñemos por exemplo Home por Ombre, Orro pueblo por Orro Vello, Orro ponte por Orro Novo, Caíñas por As Caíñas, O Xalo por Xalo, Celas de Peiro por Celas...

5. O reinicio do sistema de liñas e empresas concesionarias debería acompañarse de instrucións claras ás empresas para dar cumprimento ás obrigas do título VI, DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E A FUNCIÓN NORMALIZADORA, da Lei de Normalización Lingüística, na súa comunicación coas usuarias do transporte.

Por tanto, a Xunta de Galiza debe asumir a dirección técnica e seguimento do proceso de normalización, asesorar a administración e particulares e coordinar os

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 13:57:39
Nº Rexistro: 7403
Data envio: 07/01/2021 13:57:39.952

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos encamiñados a conseguir os obxectivos, para que as concesionarias teñan en conta a LNL.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

É coñecedora a Xunta de Galiza das múltiples deficiencias recollidas pola veciñanza da área metropolitana da Coruña en relación á posta en andamento do novo mapa de liñas de transporte de pasaxeiros en autobús?

Que mecanismos de corrección ten posto en marcha?

Como vai garantir a Xunta o correcto funcionamento como servizo público das empresas de transporte concesionadas?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Paulo Ríos Santómé
Luis Bará Torres
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2021 13:57:39
Nº Rexistro: 7403
Data envio: 07/01/2021 13:57:39.952

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2021 13:56:21

Paulo Ríos Santomé na data 07/01/2021 13:56:27

Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2021 13:56:32

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 11:03:50
Nº Rexistro: 6848
Data envio: 28/12/2020 11:03:50.537

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Carmen Rodríguez Dacosta e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No mes de xullo de 2017 a Xunta de Galicia presentou a Estratexia Autónomo 2020, cun período de vixencia desde xullo de 2017 ata o 31 de decembro de 2020. A dita estratexia establecía tres retos: incorporar novas persoas e fortalecer o emprego autónomo, facilitar mellores condiciones para o autónomo e simplificar e axilizar a interacción co colectivo autónomo. Para a consecución destes retos, a Xunta de Galicia anunciaba un orzamento 2017-2020 de 160 millóns de euros (40 millóns de euros anuais) e unha estimación de 10.000 beneficiarios por ano.

Os datos do IGE sobre afiliación media ao réxime de autónomos de Galicia en 2019 revélanos que o número de persoas afiliadas en decembro de 2019 era de 209.287, é dicir 3.786 persoas menos das que había no mes de decembro de 2017,217 persoas afiliadas menos ca no mes anterior (novembro).

No mes de marzo deste ano declarouse a pandemia da covid-19, que obrigou a tomar medidas absolutamente necesarias como o confinamento durante varios meses e posteriormente restricións á mobilidade, o que provocou ademais dunha crise sanitaria, unha crise económica e unha crise social, poñéndonos de manifesto que nunca antes a sanidade a e economía estiveran máis unidas, de xeito que ata que non haxa un remedio definitivo a esta pandemia, non teremos unha recuperación económica.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados acadados pola Estratexia Autónomo 2020?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 11:03:50
Nº Rexistro: 6848
Data envio: 28/12/2020 11:03:50.537

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/12/2020 18:20:49

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/12/2020 18:21:04

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/12/2020 18:21:22

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/12/2020 18:21:35

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 11:04:13
Nº Rexistro: 6849
Data envio: 28/12/2020 11:04:13.417

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Axencia Turismo de Galicia ten como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; mediante o que potencia o turismo como un factor de crecemento económico, valoriza os recursos turísticos e fomenta o turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

O 29 de novembro de 2019 a Axencia Turismo de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do *19 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural e anúnciase a súa convocatoria para o ano 2020,* cun crédito orzamentario de 1,2 millóns de euros e co obxecto do fomentar a recuperación, a accesibilidade e a sinalización dos recursos turísticos no medio rural cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Na información aos medios que a Xunta de Galicia colga na páx. *Web* referida ao Consello da Xunta desenvolvido o 3 de decembro exponse que "A Xunta de Galicia investiu máis de 3 millóns de euros no embelecemento e na mellora das infraestruturas turísticas no medio rural", articulándose a través da sinatura de convenios con entidades locais que permitiron levar adiante 135 actuacións.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con estas subvencións?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 11:04:13
Nº Rexistro: 6849
Data envio: 28/12/2020 11:04:13.417

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/12/2020 18:21:59

Pablo Arangüena Fernández na data 23/12/2020 18:22:11

Paloma Castro Rey na data 23/12/2020 18:22:38

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 11:04:34
Nº Rexistro: 6850
Data envio: 28/12/2020 11:04:34.092

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia consígnanse créditos destinados ás corporacións locais de Galicia que ano tras ano o Goberno galego deixa sen executar e que corresponden a diversos programas orzamentarios. Este feito constitúe un exemplo da deficiente xestión da Administración autonómica, pois son cantidades non recuperables que o final do exercicio se perden e que non contribúen a paliar o raquitismo financeiro que padecen a maioría dos concellos galegos.

No proxecto de orzamentos consolidado de gastos para o ano 2021, a Xunta de Galicia diminúe as contías destinadas a transferencias a entidades locais en máis de 11 millóns de euros.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a falla de execución dos créditos orzamentados e destinados ás corporacións locais galegas na X Lexislatura?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/12/2020 18:23:03

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/12/2020 18:23:13

Pablo Arangüena Fernández na data 23/12/2020 18:23:24

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 11:04:34
Nº Rexistro: 6850
Data envio: 28/12/2020 11:04:34.092

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Paloma Castro Rey na data 23/12/2020 18:23:42

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 11:05:08
Nº Rexistro: 6851
Data envio: 28/12/2020 11:05:08.201

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia compareceu, segundo o acordo dos grupos parlamentarios, o presidente do Consello económico e social de Galicia o 20 de novembro. Unha comparecencia que os socialistas consideramos importantes tanto polas funcións que lle atribúe a normativa aplicable ao Consello Económico e Social como pola plena autonomía funcional que lle outorga a Lei, aínda que organicamente dependa da Consellería de Facenda.

O Consello Económico e Social é un órgano consultivo institucional da Xunta de Galicia, que se configura como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma, dándolle voz ás organizacións sindicais e empresariais, aos representantes do sector agrario e pesqueiro, aos consumidores e ás tres universidades galegas e no último ano tamén á incorporación da economía social.

Neste ano, a situación sanitaria, económica e social de practicamente todo o mundo foi mudada dun xeito abrupto coa aparición da covid, unha crise sanitaria que desencadeou unha crise económica e unha crise social sen precedentes, e que cando aínda non nos tiñamos recuperado da primeira onda, xa nos está azoutando a segunda e que seguirá oscilando ata que haxa un remedio definitivo e poidamos volver á "normalidade", esperemos que o máis parecida posible á que coñeciamos antes de 2020.

Na dita comisión, o presidente do CES manifestou a colaboración do órgano que representa para contribuír á saída o máis axiña posible da crise sanitaria, da crise económica e da crise social, ao tempo que nos informaba da reunión do máximo órgano do CES no que se puxeron de manifesto diversas achegas dos distintos axentes que a conforman.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 11:05:08
Nº Rexistro: 6851
Data envio: 28/12/2020 11:05:08.201

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Cales son as achegas para saír da crise sanitaria, económica e social que fixeron os distintos axentes que forman parte do dito consello sobre a situación actual en Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/12/2020 18:27:51

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/12/2020 18:28:07

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:02:07
Nº Rexistro: 6853
Data envio: 28/12/2020 12:02:07.110

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e **Noa Díaz Varela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Xunta de Galicia vén de anunciar o mes pasado o comezo das obras de urbanización da ampliación de Navia para o vindeiro ano 2021. Como establece o plan parcial da ampliación de Navia aprobada polo Pleno do Concello de Vigo, esta actuación permitirá a construción de 1.500 novas vivendas. E con elo, a chegada de novas familias con nenos e nenas a este importante barrio vigués. Estas familias terán problemas para levar aos seus fillos e fillas ao instituto. Ao igual que está pasando hoxe en día.

Un instituto para Navia é unha demanda de toda a comunidade educativa de Vigo, principalmente da veciñanza de Navia e de FOAMPAS.

A Xunta de Galicia segue sen facer nada para elaborar a nova zonificación escolar. A distribucións das zonas debe ser equilibrada co obxectivo de satisfacer as necesidades de todas as familias. A asignación de alumnas e alumnos aos centros de ensinanza debería priorizar a proximidade, ter en conta onde viven e a súa proximidade aos institutos á hora de asignalos

O barrio de Navia, en Vigo, é un exemplo desa falta de criterio por parte da Xunta de Galicia. Os estudantes da ESO e Bacharelato están adscritos a un centro que está a máis de 10 quilómetros, o que pon de manifesto a necesidade de dotar a Navia dun novo instituto, atenderá así a crecente demanda da cidadanía desa zona.

O que vai facer a Xunta de Galicia é construír un novo IES na rúa Lalín, unha zona que nun radio de 2 quilómetros conta con seis institutos. Desatendendo por completo a demanda feita polo Goberno Municipal de Vigo, a comunidade educativa e FOAMPAS,

Por outra banda, o Concello de Vigo, recolleu as demandas da cidadanía e tamén presentou unha alegación ó plan parcial demandando o compromiso da Xunta de Galicia da construcións dun instituto en Navia. A resposta negativa do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a ausencia de compromiso da Consellería de

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Educación e a negativa do presidente da Xunta de Galicia a asinar un convenio que comprometa a execución do novo instituto en Navia levan ao Grupo Parlamentario Socialista a reclamar este instituto en Vigo.

De pouco ou nada serve a dotación prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia de 50.000 € para un novo centro, cando é sabido que esa cantidade corresponde á previsión do custo de redacción do proxecto, sen que supoña un compromiso real de construción.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A Xunta de Galicia vai incorporar a dotación dun novo instituto en Navia nos plans de investimento educativo e nos orzamentos autonómicos do 2021, de tal xeito que o proxecto construtivo desta dotación pública se inicie en 2021?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Isaura Abelairas Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/12/2020 11:20:12

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 28/12/2020 11:20:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 11:20:26

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 11:20:36

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:03:01
Nº Rexistro: 6857
Data envio: 28/12/2020 12:03:01.578

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O ano 2021 como ano Xacobeo, se a situación pandémica actual mellora, espérase que na nosa Comunidade Autónoma reciba gran afluencia de visitantes.

A Xunta de Galicia ten posta todas as esperanzas da reactivación do sector turístico no Xacobeo 2021, por iso o sector turístico espera que o Goberno autonómico explique en que vai consistir a programación deste evento.

A Xunta de Galicia debería dar conta das accións previstas para o Xacobeo 2021 e que informe das medidas que se van tomar para adaptar as actuacións previstas ante a situación pandémica actual.

Na comparecencia da directora Xeral de Turismo na Comisión 6.ª do día 2 de decembro mencionou que existía unha Programación do Xacobeo 2021. A menos dun mes da súa celebración aínda non sabemos en que consiste a Programación do Xacobeo 2021 e seguimos sen saber en que consiste a Reformulación do Xacobeo anunciada polo Sr. Feijoó e polo Sr. Rueda fai uns meses.

O Grupo Parlamentario Socialista quere saber a programación do Xacobeo 2021 e o sector turístico, hostaleiro, o do comercio e a cidadanía en xeral tamén queren saber esa programación para ver en que medida vai repercutir na súa economía.

Se o Xacobeo 2021 "vai ser a clave da recuperación económica galega", en palabras da directora xeral de Turismo, os sectores máis afectados nesta crise económica provocada pola COVID-19 teñen que saber xa en vai consistir esa programación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que vai consistir a programación do Xacobeo 2021?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/12/2020 11:24:32

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 11:24:38

Martín Seco García na data 28/12/2020 11:24:48

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:05:17
Nº Rexistro: 6862
Data envío: 28/12/2020 12:05:17.711

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A Axencia Turismo de Galicia ten como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; potenciando o turismo como un factor de crecemento económico, valorizando os recursos turísticos e fomentando o turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

O 29 de novembro de 2019 a Axencia Turismo de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do *19 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2020,* cun crédito orzamentario de 1,2 millóns de euros e co obxecto do fomentar a recuperación, a accesibilidade e a sinalización dos recursos turísticos no medio rural cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Na información aos medios que a Xunta de Galicia colga na páx. Web referida ao Consello da Xunta de Galicia desenvolvido o 3 de decembro se expón que "A Xunta de Galicia investiu máis de 3 millóns de euros no embelecemento e mellora das infraestruturas turísticas no medio rural", articulándose a través da sinatura de convenios con entidades locais que permitiron levar adiante 135 actuacións.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:05:17
Nº Rexistro: 6862
Data envio: 28/12/2020 12:05:17.711

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten o Goberno galego elaborado algún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/12/2020 12:04:40

Martín Seco García na data 28/12/2020 12:04:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/12/2020 12:04:59

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:05:48
Nº Rexistro: 6864
Data envio: 28/12/2020 12:05:48.451

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Debemos recoñecer que temos no noso país, un problema moi serio de temporalidade nas administracións públicas. O persoal temporal dentro da Administración galega afecta case a 5.000 persoas, entre funcionariado interinos e persoal laboral temporal

Como exemplo de temporalidade temos o Consorcio Galego de Benestar, cun 91 % do seu cadro de persoal.

O Sergas, non queda atrás, os datos do Consello de Contas a partir da conta xeneral do Sergas mostran como a temporalidade medrou sen freo na sanidade pública galega, nos últimos anos.

En seis anos, a Xunta de Galicia elevou en máis de 14 puntos porcentuais o peso dos temporais no sistema sanitario, mentres as prazas fixas reducíanse por miles.

En consecuencia, o peso dos temporais no conxunto do persoal elevouse ata o 40,2 %, 14,2 puntos porcentuais máis.

E poderíamos seguir poñendo exemplos en cada un dos organismos adscritos á Administración autonómica, así como incluso dentro d**a** propia administración.

Esta situación coloca a milleiros de persoas nunha incerteza e nunha falta de dereitos a que xa é hora de poñer freo.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a articular respostas eficientes e eficaces para a estabilización dos empregados e empregadas da Administración autonómica así como dos organismos autónomos, previo consenso cos representantes das persoas traballadoras afectadas?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 11:26:34

Pablo Arangüena Fernández na data 28/12/2020 11:26:42

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 11:26:53

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 11:27:02

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:06:32
Nº Rexistro: 6870
Data envio: 28/12/2020 12:06:32.883

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

En Galicia, no mes de novembro de 2020, o número de persoas desempregadas, segundo os datos publicados polo Ministerio de Traballo e Economía Social, ascenden a 187.472, subindo en 6.165, o 3,4 %, en relación ao mes anterior.

É de resaltar que este incremento é moito mais acusado que no resto do Estado onde a suba limítase ao 0,66 %. Polo tanto, Galicia rexistra un comportamento aínda peor e unha afectación maior sobre o emprego da crise sanitaria que se está a vivir.

Para observar cifras semellantes de incremento do desemprego en termos interanuais nesta comunidade hai que remontarse ós anos da última crise económica.

Se relacionamos as cifras de hai un ano, o desemprego aumenta nun 14,75 % entre os homes e nun 12 % no caso das mulleres. Non obstante, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 57,1 % do total do desemprego en Galicia, 107.108 mulleres nesta situación, fronte a 80.364 homes.

Por outra banda se falamos na incidencia do desemprego por sectores económicos en termos absolutos a maior incidencia de aumento no sector servicios con 15.974 persoas desempregadas máis, 13,95 % no ano.

No mes de novembro o paro medra en todas as provincias da Comunidade, nun 16,3 % na Coruña, un 14,4 % en Lugo, 13,6 % en Ourense e 9,6 % en Pontevedra.

Un dato relevante é que contamos cunha quinta parte menos de contratación que hai un ano, comprobando cos datos de novembro que só se realizaron 61.311 contratos, contraéndose con contundencia con respecto ao mesmo mes anterior, 16.13 % menos, e lonxe dos niveis de contratación do mes de novembro de 2019, unha quinta parte menos de contratación.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:06:32
Nº Rexistro: 6870
Data envio: 28/12/2020 12:06:32.883

Por outra banda , vemos una forte caída na contratación indefinida, sendo as porcentaxes de contratación indefinida de só un 8,44 %.

A precariedade instálase en Galicia a través do emprego temporal e estacional.

Así as cousas os sindicatos coinciden en alertar sobre o inestable mercado laboral galego con altos índices de rotación na contratación, pois con datos pre covid no ano 2019, foron necesarios 75.535 contratos para lograr 7.094 novos afiliados, un por cada dez, esforzo que reduciu soamente 2.868 persoas ao paro. Lamentando que se crea un emprego precario e con data de caducidade, carecendo de unha verdadeira politica industrial que minore o impacto da crise sanitaria no emprego.

Incidan, xa no ano anterior, que o 90,5 % de contratos asinados polos galegos e galegas son temporais, entre xaneiro e marzo do ano 2019, por exemplo pre covid, asináronse 226.756, cifra que "supera incluso o número total de desempregados", e o 61 % no sector servizos. A incidencia da temporalidade en Galicia xa era unha das grandes lagoas do mercado laboral galego antes da crise sanitaria e económica provocada pola covid- 19.

En relación co exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego dos datos de desemprego na nosa Comunidade Autónoma, do mes de novembro de 2020, e en concreto da alta taxa de temporalidade que caracteriza o noso mercado laboral?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/12/2020 11:29:23

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 11:29:33

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 11:29:40

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:09:30
Nº Rexistro: 6881
Data envio: 28/12/2020 12:09:30.372

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

En data 4 de decembro, a través dos medios de comunicación, eramos coñecedores da firma dun convenio entre a Consellería de Medio Rural e Deputación de Ourense que favorecería a nove municipios.

Na presentación do mesmo participaron o conselleriro de Medio Rural, o presidente da Deputación de Ourense, a directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os alcaldes de Avión, Boborás, A Teixeira, San Xoán de Rio, Trasmiras, Viana do Bolo, Oímbra, Esgos e Lobeira.

Os convenios de colaboración teñen como finalidade financiar a adquisición, por parte dos municipios, de maquinaria forestal para a limpeza de vías rurais e faixas de biomasa para previr incendios e conta cunha inversión total de 900.000 euros.

Segundo o acordo, a Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galicia, financiarán a compra de maquinaria polos concellos -tractores e desbrozadoras- cunha inversión aportada ao 50 % polas dúas administracións.

O obxectivo, sinalaban, é incentivar e fomentar o mantemento e limpeza de maleza nas infraestruturas rurais de titularidade municipal nas masas comúns de concentracións parcelarias de cada concello, así como a xestión de biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión nos terreos de titularidade municipal ou descoñecida.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:09:30
Nº Rexistro: 6881
Data envío: 28/12/2020 12:09:30.372

En relación o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego de que os nove concellos beneficiarios do convenio subscrito entre a Deputación Provincial de Ourense e a Consellería de Medio Rural dotado de 900.000 euros para a compra de maquinaria para tarefas de limpeza e prevención de incendios forestais (tractores e rozaderas), beneficie a nove concellos gobernados todos eles polo Partido Popular?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Martín Seco García
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/12/2020 11:30:54

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 11:31:02

Juan Carlos Francisco Rivera na data 28/12/2020 11:31:12

Martín Seco García na data 28/12/2020 11:31:22

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:10:14
Nº Rexistro: 6886
Data envio: 28/12/2020 12:10:14.169

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

As obras que está a levar a Xunta de Galicia en torno a nova Estación Intermodal de Ourense xa foron obxecto de iniciativas no Parlamento de Galicia a instancias do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e agora vimos de comprobar unha nova "chapuza" da Consellaría de Infraestruturas con respecto ás obras, tras constatar o levantamento dun muro de bloques arredor do centro de saúde da Ponte que "atrincheira" o edificio no canto de insonorizalo como se comprometera a Xunta de Galicia.

O proxecto orixinal non contemplaba un muro, senón unha barreira vexetal polo que non nos queda outra que sospeitar que ese muro se levanta coa intención de insonorizar o centro de saúde, co consecuente "impacto visual" e "desatención" aos compromisos adquiridos por Ethel Vázquez de cara a insonorizar interiormente o edificio.

Tamén parece desaparecer a fonte de 50.000 euros que ía adornar a entrada do edificio, proxectada para, segundo a conselleira de Infraestruturas, facer unha analoxía cun símbolo milenario como o das Burgas, e pola que tamén se interesou este grupo parlamentario.

Os socialistas vimos denunciando que a Xunta de Galicia impón unha estación de autobuses prexudicial para Ourense, que ademais de obrigar aos veciños e veciñas a agardar á intemperie polo derribo exprés da antiga estación, sitúa un edificio polo que circularán uns 300 autobuses ao día ao carón dun centro de saúde no que agora constrúe un muro que encerre a veciñanza da terceira cidade de Galicia .

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

En relación ao exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a construción por parte da Consellería de Infraestruturas, dun muro de dous metros para insonorizar o centro de saúde da Ponte, ante a súa proximidade coa Estación Intermodal de Ourense, en vez de insonorizar internamente o edificio?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/12/2020 11:38:22

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 11:38:31

Juan Carlos Francisco Rivera na data 28/12/2020 11:38:41

Patricia Otero Rodríguez na data 28/12/2020 11:38:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 11:38:59

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 12:11:24
Nº Rexistro: 6889
Data envio: 28/12/2020 12:11:24.449

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os programas integrados de emprego (PIE), defínense como instrumentos dirixidos á mellora da ocupación e inserción laboral durante un período de doce meses, de 100 persoas demandantes en situación de desemprego.

Estas subvencións da Consellería de Emprego financian o desenvolvemento de programas en colaboración coas entidades locais galegas e con entidades sen ánimo de lucro.

Neste marco, foi desenrolado o programa integrado Terras de Iria V (concellos de Dodro, Padrón e Rois), que contou con 100 persoas beneficiarias, correspondente a convocatoria do ano 2018.

Consta na súa memoria os datos seguintes: "Os datos de emprego do Programa 2018-2019 son os seguintes: 65 participantes están actualmente traballando segundo comprobación realizada polos técnicos/as do Programa e segundo a información facilitada polo servizo de Orientación Laboral do Concello". Superando con creces o obxectivo da Consellería de Emprego marcado nun 35 % de inserción laboral.

As persoas beneficiarias do programa atoparon emprego maioritariamente nos sectores estratéxicos que serviron de pilar para fundamentar a formación; como foi o sector do metal, sector comercio e cadeas de distribución de alimentación e, sector hostalería e restauración, compre salientar que tamén se incorporaron participantes a traballar en empresas de atención sociosanitaria a persoas dependentes. Outras inserción se deron en empresas conserveiras, de construción e noutras de diversa natureza.

Este ano 2020 os concellos anteriormente citados, presentaron outro proxecto e a correspondente instancia para una programa integral de emprego, sumándose a petición as entidades locais de Rianxo, Pontecesures e Valga, enriquecendo as posibilidades de inserción laboral.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

A día de hoxe temos noticias de que este PIE non foi aprobado pola Consellería de Emprego e en relación o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da denegación pola Consellería de Emprego do Programa Integrado de Emprego (PIE) presentado polos concellos de Dodro, Rois, Padrón, Rianxo, Pontecesures e Valga e da aprobación dun PIE para a Fundación Domus Vi?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noa Díaz Varela
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/12/2020 11:49:16

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 11:49:26

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 11:49:38

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 11:49:46

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:03:02
Nº Rexistro: 6899
Data envio: 28/12/2020 13:03:02.915

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (modificada pola Lei 12/2016, de 22 de xullo), establece que a Xunta de Galicia garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero para posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor ou da persoa que mantiver con ela unha relación de dominación e tentar axudalas a rachar coa situación de violencia.

O informe de prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero correspondente ao exercicio 2019 dá conta de 722 solicitudes presentadas ese ano, das que foron concedidas un total de 577. A evolución do número de concesións en relación co de solicitudes segue a moverse en torno ao 70 % nos últimos anos.

Das 145 solicitudes denegadas en 2019, o informe destaca que os motivos principais da denegación foron o incumprimento ou non acreditación dalgúns dos requisitos das bases da convocatoria. De feito, denéganse 31 porque non emendan requirimento de documentación, 12 porque non acreditan carencia de recursos económicos e outras 12 porque non acreditan situación de violencia machista nunha relación de convivencia e dependencia económica do agresor.

Á marxe doutras causas de denegación, ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle que 55 das 145 solicitudes se denegasen por problemas burocráticos que probablemente en moitos dos casos terían fácil solución. As mulleres vítimas de violencia machista atópanse nunha situación de vulnerabilidade e desánimo tal que o exceso de burocracia moitas veces fainas desistir da solicitude de axudas sexan do tipo que sexan, por iso entendemos que é preciso que as administracións nestes casos poñan todos os medios ao seu alcance para que ningunha muller quede sen protección ou axuda por esta razón.

A maiores, 23 das mulleres solicitantes non acreditaron ter cesado a convivencia co agresor ou coa persoa que mantiver con ela unha relación de dominación no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, un requisito que este grupo parlamentario xa denunciou por inxusto toda vez que estas axudas deberían ser precisamente un aliciente para que as mulleres desexen saír dunha situación de violencia e dominación.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:03:02
Nº Rexistro: 6899
Data envio: 28/12/2020 13:03:02.915

Diante destes datos, que amosan que 1 de cada 4 mulleres solicitantes das devanditas prestacións económicas non son finalmente beneficiarias delas, por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Realiza o Goberno galego algún tipo de seguimento a aquelas mulleres ás que se lles denega a prestación económica de carácter periódico para vítimas de violencia de xénero por razóns de incumprimento ou non acreditación dalgúns dos requisitos das bases da convocatoria coa fin de emendar eses erros?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 23/12/2020 17:41:05

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 23/12/2020 17:41:23

Paloma Castro Rey na data 23/12/2020 17:41:35

Pablo Arangüena Fernández na data 23/12/2020 17:42:11

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:04:57
Nº Rexistro: 6900
Data envío: 28/12/2020 13:04:57.824

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A crise da Covid-9 afectou significativamente de maneira negativa a moitos sectores da poboación galega, minguando a capacidade adquisitiva de familias que viron reducidos os seus ingresos na súa actividade económica ou noutros casos atopándose de maneira repentina nunha situación de desemprego.

Esta situación derivou sen dúbida en graves dificultades para sufragar os gastos de desprazamento ou vivenda que supoñen ter un fillo ou filla (ou varios) estudando en calquera das tres universidades públicas galegas.

O problema agrávase co clima de incerteza no que se move toda a contorna educativa, que se ve obrigada a ir modificando os seus protocolos sanitarios e de seguridade en función das distintas casuísticas que se van producindo. Así, as universidades presentaron hai meses os seus plans de continxencia de acordo a distintos escenarios pandémicos e agora, xa co comezo do curso académico, iranos implementar en función da situación sanitaria e das posibilidades que existan na colaboración necesaria con outras entidades que teñen os seus propios protocolos.

Este marco incerto no que se moven as institucións universitarias afecta de maneira moi directa á comunidade estudantil, que no mes de xuño tiña unhas necesidades de alugueiro de vivenda que hoxe, segundo os novos protocolos, poden non ser xa oportunas. Existen carreiras que acaban de anunciar unha semipresencialidade con asistencia ás clases moi escasa ou ben a non presencialidade, pero que non renuncian a volver á normalidade cando isto sexa posible. Deste xeito, alumnado matriculado neses estudos atópase de repente coa obriga de pagar un alugueiro dunha vivenda que neste momento non precisa pero pode que si máis adiante.

A Xunta de Galicia convoca cada ano unha liña de axudas destinadas ao alumnado do sistema universitario galego que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso académico, teña dificultades económicas para continuar os seus estudos. Porén, esta liña de axudas, para a que o prazo de solicitude rematou en xullo, non inclúe esta situación excepcional da Covid-19

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nin a provisionalidade da configuración académica das carreiras que inflúe directamente en cuestións loxísticas para o alumnado como pode ser o alugueiro.

Do mesmo xeito, a cancelación dos alugueiros por parte da comunidade estudantil nas cidades sedes universitarias influiría negativamente na súa propia economía local.

Diante desta situación anormal de provisionalidade, ao Grupo Parlamentario do PSdeG parécenos axeitado que desde o Goberno galego se estableza unha liña de axudas, proporcionais e provisionais, para ese alumnado que xa tiña alugada unha vivenda para cursar os seus estudos universitarios pero que, dadas as circunstancias pandémicas actuais e a organización académica das carreiras formulada posteriormente, non van ter que facer uso del ata que se normalice a situación de pandemia e as universidades públicas galegas adopten outros criterios. Deste xeito, contribuiríase a aliviar a precaria situación económica de moitas familias galegas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten pensada algunha solución o Goberno galego para o alumnado universitario que ten alugada unha vivenda pero que, recén adoptada a semipresencialidade ou non presencialidade dos estudos por parte das universidades galegas, non vai ter que facer uso dela durante un tempo determinado, en función de como transcorra a pandemia?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:31:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 12:32:13

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 12:32:26

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:05:20
Nº Rexistro: 6901
Data envio: 28/12/2020 13:05:20.245

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En comparecencia conxunta na comisión de reactivación do Parlamento galego, os reitores das tres universidades públicas galegas advertiron de que a pesar dos esforzos destas institucións por dar facilidades ao seu alumnado, houbo centos de estudantes que tiveron que abandonar os seus estudos debido a que as súas familias non podían seguir sufragándoos.

Neste contexto, foron as universidades as que puxeron en marcha liñas inmediatas de axudas directas para estudantes de familias afectadas polos ERE, e polos ERTE ou mesmo desemprego como consecuencia da crise sanitaria. Con elas sufragaron, ademais dos gastos de dixitalización urxente, dende matrículas ata custes de alimentación. Por poñer un exemplo, só a Universidade de Vigo cuantificaba estas axudas en arredor de 700.000 euros.

A Xunta de Galicia convoca anualmente unha liña de axudas destinadas ao alumnado do Sistema universitario de Galicia que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso académico, teña dificultades económicas para continuar estudos de grao. Para este cometido ten asignada unha partida inicial de 100.000 euros, algo moi insuficiente nun curso marcado por unha forte crise económica.

Mais a piques de rematar o primeiro trimestre do curso académico, e a pesar da advertencia dos reitores, o Goberno galego non estableceu ningunha liña especifica de axudas ao alumnado para paliar os efectos negativos da pandemia nas familias nin ten anunciado ningún plan especial para evitar que moitos alumnos e alumnas teñan que abandonar os seus estudos universitarios porque as súas familias non son quen de sufragar todos os gastos que implica, sexan de matrícula, de desprazamento, de alimentación ou de vivenda. É máis, tampouco este ano aumentou a partida de bolsas ao estudantado universitario, como si ten feito o Goberno do Estado.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:05:20
Nº Rexistro: 6901
Data envio: 28/12/2020 13:05:20.245

Que valoración fai o Goberno autonómico da advertencia dos reitores galegos sobre a renuncia aos seus estudos universitarios por estudantes de familias afectadas pola crise sanitaria?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:39:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 12:39:58

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:05:39
Nº Rexistro: 6902
Data envio: 28/12/2020 13:05:39.785

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero, Isaura Abelairas Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A pandemia da Covid-19 afectou de maneira global a toda a sociedade, cunhas consecuencias sociais e económicas aínda por avaliar. Porén, o que si parece claro é que esa afectación foi moito maior para as mulleres, que experimentaron unha regresión nas súas condicións vitais para asumir máis carga de traballo no fogar e os coidados de persoas dependentes ou menores, modificar as súas condicións laborais para adaptarse á nova realidade e mesmo atoparse nunha maior situación de vulnerabilidade en casos de violencia de xénero.

Diante desta situación, son os poderes públicos os que teñen que asumir a responsabilidade de mitigar esta nova situación vital das mulleres e aplicar políticas de discriminación positiva para evitar que estas desigualdades se produzan.

Lonxe da realidade, un mes despois de tomar posesión o novo Goberno da Xunta de Galicia, a acabada de crear Consellería de Emprego e Igualdade ten definido xa practicamente todo o seu gabinete da área de Emprego, a estrutura e as súas liñas de acción iniciais, mentres que a de Igualdade permanece no máis absoluto esquecemento.

Tanto é así, que o apartado da Consellería de Emprego e Igualdade na *web* institucional da Xunta de Galicia está dedicada enteiramente á área de emprego, non existindo nin unha soa liña ao Departamento de Igualdade.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Ten elaborado o Goberno galego un plan de choque que rectifique as desigualdades que están a sufrir as mulleres por causa da Covid-19?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:05:39
Nº Rexistro: 6902
Data envio: 28/12/2020 13:05:39.785

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:41:33

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 12:41:47

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 28/12/2020 12:42:00

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 12:42:12

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:06:05
Nº Rexistro: 6903
Data envio: 28/12/2020 13:06:05.683

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Santiago de Compostela conta desde o curso 2004-2005 cun conservatorio profesional de música, unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional dependente da Consellería de Educación no que se imparten as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos graos das ensinanzas de réxime especial de música. No presente curso estudan neste centro 520 alumnos e alumnas en 17 especialidades.

Este centro compostelán abarca un gran ámbito territorial, con alumnado das comarcas limítrofes pero tamén universitarios de toda Galicia que, cursando os seus estudos aquí, piden o traslado a Compostela para rematar os seus estudos musicais. A capacidade do centro xa se mostrou insuficiente ao pouco tempo de abrir, de maneira que hoxe non pode acoller máis alumnado a pesar da crecente demanda.

A parcela na que se asenta o conservatorio, cunha superficie de 5.000 metros cadrados, foi cedida para a súa construción polo Concello de Santiago de Compostela á Xunta de Galicia, que no seu día non consumiu a totalidade da edificación que podía ter ese solar. Na execución dese proxecto investíronse preto de dous millóns e medio de euros, dos que o Concello achegou o 34 % ademais da parcela**.**

A esa falta de espazo habería que engadir a reclamación por parte da Dirección do centro de abrir varias especialidades máis, que dean demanda á cidade, como serían a de órgano e gaita, sendo Compostela un enclave estratéxico para elas polo patrimonio histórico-musical que posúe e por ser unha cidade cunha enorme actividade vinculada á música tradicional galega.

A todas estas circunstancias súmanse as restricións da pandemia da Covid-19, que restrinxiu aínda máis a capacidade deste centro de xeito que os espazos que ata o de agora ocupaban os distintos departamentos didácticos hoxe son aulas á vez que tiveron que aumentar horarios. Situación esta que non se tería producido se o centro estivese normalmente dimensionado.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:06:05
Nº Rexistro: 6903
Data envio: 28/12/2020 13:06:05.683

Tendo en conta que esta é unha reclamación que vén de longo coa que a Xunta de Galicia nunca mostrou o seu desacordo, e tendo en conta que existe espazo para esa ampliación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cando ten pensado o Goberno galego acometer a necesaria obra de ampliación do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:42:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 12:43:06

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:06:51
Nº Rexistro: 6904
Data envio: 28/12/2020 13:06:51.782

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O falecemento dun familiar é sempre un momento dramático, e moito máis se esa perda se produce de maneira inesperada. Nesa circunstancia, a familia da persoa falecida debe contar con todos os coidados e apoios emocionais que garanta a súa estabilidade nese primeiro momento de dó.

Para garantilo, é preciso que exista, e funcione, en cada unidade hospitalaria un protocolo de actuación neses casos que incardine as accións doutros profesionais que tamén teñen que intervir no proceso de comunicación da morte ou mesmo de recoñecemento dun cadáver.

Desde o momento da comunicación da morte ata a atención psicolóxica á familia ou a determinación dun espazo onde poder agardar por un exame forense que debería chegar con celeridade para que a familia poida organizar canto antes o traslado do corpo para proceder ao pasamento que desexe. Son todas estas cuestións que se deberían determinar nese documento procedimental.

É sabido que existen protocolos para casos de grandes accidentes ou catástrofes, pero non en situacións como as que acabamos de sinalar e que son igualmente duras para as familias que as padecen. Por esa razón, son precisos protocolos non só para o manexo do duelo e acompañamento a familiares senón tamén para facilitar que servizos como o forense actúen no menor tempo posible para evitar maiores danos emocionais.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que protocolo existe na Comunidade Autónoma galega para atender as familias no caso de falecemento inesperado, en situación de especial gravidade, dalgún dos seus membros?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:06:51
Nº Rexistro: 6904
Data envio: 28/12/2020 13:06:51.782

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:43:51

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 12:44:05

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 12:44:15

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:07:09
Nº Rexistro: 6905
Data envio: 28/12/2020 13:07:09.226

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia anunciaba en febreiro de 2009 que iniciaría nos vindeiros meses os procedementos para a declaración como Ben de Interese Cultural de 19 castros emprazados en distintos puntos do territorio de Galicia. A realidade é que nestes once anos foron só nove os castros declarados BIC, quedando aínda pendentes desta catalogación unha decena.

Entre eses pendentes atópase o Castro Lupario, emprazado nas parroquias de San Xulián de Bastavales (Brión) e Ribasar (Rois), un castro catalogado como tal pola Xunta de Galicia que aínda mantén boa parte dos muros que o delimitaban. O castro, residencia da raíña Lupa segundo a lenda, está ademais rodeado dun conxunto patrimonial histórico, artístico e ambiental de singular riqueza, conformado pola aldea de Angueira de Castro, o Pazo de Faramello, os núcleos de Faramello e Francos, a ponte sobre o Río Tinto, a carballeira de Francos e varios petróglifos.

Xustamente sobre ese enclave de alto valor cultural, arqueolóxico e etnográfico está previsto que pase a Liña Aérea de Transporte de Enerxía Eléctrica a 22 kV dobre circuíto Lousame-Tibo, un proxecto presentado por Red Eléctrica de España que, a pesar do grave prexuízo que significaría, conta sorprendentemente cunha Declaración de Impacto Ambiental favorable e un informe patrimonial positivo.

Diante desta posible agresión ao patrimonio galego, a veciñanza da zona, así como a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago -por aí transcorre o Camiño Portugués- reclaman a declaración BIC para o Castro Lupario e a súa contorna. A esta reclamación sumouse recentemente o Concello de Rois, que aprobou en pleno, e coa unanimidade de todos os grupos, instar á Xunta de Galicia a que tramite de maneira urxente esa declaración, de maneira que pasaría a ser zona protexida e o proxecto xa non podería ter ese percorrido.

Por todo isto a deputada e o deputado que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:07:09
Nº Rexistro: 6905
Data envio: 28/12/2020 13:07:09.226

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Comezou a Xunta de Galicia a incoación do expediente para declarar o Castro Lupario e a súa contorna como Ben de Interese Cultural, tal e como se anunciara en 2009?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:44:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 12:45:09

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:07:32
Nº Rexistro: 6906
Data envio: 28/12/2020 13:07:32.322

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. A atención sanitaria é un deles.

O Servizo de Pediatría do Centro de Saúde da Baña dá atención a 238 nenos e nenas de entre 0 e 14 anos (datos do INE de 2019) unicamente os martes e xoves de cada semana. Este servizo leva tempo atopándose con problemas debido a que as vacacións ou días libres da facultativa non son substituídas. Neste último período vacacional a solución que deron dende a Xunta de Galicia foi desviar os menores de 3 anos ao centro de saúde de Negreira, mentres que os maiores desa idade eran atendidos polo médico de cabeceira, no que é claramente unha disfunción do servizo xa que non é ese o profesional que debía atendelos.

Ese servizo de pediatría está compartido co concello de Mazaricos (a 18 km), que atende os luns, mércores e venres, existindo aí tamén outra disfuncion xa que o máis lóxico sería facelo con Negreira (7 km), non só por proximidade senón porque se atopa xa na ruta cara ao hospital de referencia, o Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, no caso de ter que acudir a este por unha urxencia.

Por outra banda, dende hai un tempo nese mesmo centro de saúde o servizo de matrona ampliouse aos sábados, reducíndose así o horario de atención da matrona durante a semana. Este cambio organizativo, non demandado pola poboación da Baña, obriga a manter o centro aberto na mañá dos sábados, co conseguinte incremento de custes de limpeza e subministros que ten que asumir o Concello. As usuarias dese servizo manteñen que prefiren asistir entre semana e por iso solicitan que se volva aos horarios anteriores de luns a venres.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Como se vai garantir a axeitada cobertura pediátrica na Baña?

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:07:32
Nº Rexistro: 6906
Data envio: 28/12/2020 13:07:32.322

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:45:59

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 12:46:11

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 12:46:23

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:07:54
Nº Rexistro: 6907
Data envio: 28/12/2020 13:07:54.649

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 25 de abril de 2017 o Grupo Socialista sometía a debate do Pleno da Cámara unha proposición non de lei para solicitar a posta en marcha urxente do I Plan de igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia. A iniciativa non acadou o apoio do grupo de Goberno, que non estaba disposto á redacción dun informe que puxer de manifesto o nada feito ata o momento nesa materia.

O 4 de xullo do 2017 a Comisión Interdepartamental de Igualdade acordou elaborar o I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia. Con motivo do 8 de marzo do 2018, o Sr. Feijóo anunciaba a aprobación "inminente" do I Plan de igualdade da Administración galega. Case tres anos despois seguimos sen entender cal é o concepto de inminencia para este goberno, tendo en conta que a novembro de 2020 o Plan de igualdade segue sen ser efectivo.

Lembremos que ese plan é de obrigada implantación dende o 3 de maio de 2007, coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. No seu artigo 11 de Voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade dise "*Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da comunidade autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da comunidade autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da comunidade autónoma"*. Ese mesmo artigo mantense no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Levamos, polo tanto, xa case 13 anos agardando por unha medida que permita acadar o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo. Tendo en conta que é a propia Administración pública a primeira que é incapaz de cumprir coas obrigas da lei, non estraña que só un 15 % das case 25.000 empresas españolas que contan con máis de 50

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traballadores cumpran coa Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto lei 6/2019 que o modifica.

Que tras 13 anos da aprobación da lei este plan non se teña posto en marcha choca moito coas boas intencións que este goberno manifesta antes os medios, e que ten amosado na cámara parlamentaria asegurando que a súa aprobación era inminente. Por todo o exposto, pola emerxencia xa que entendemos merece este asunto, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Canto máis tempo pensa o Goberno galego demorar a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:46:58

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 28/12/2020 12:47:13

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 12:47:24

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 12:47:34

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:08:14
Nº Rexistro: 6908
Data envio: 28/12/2020 13:08:14.492

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rei, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, longamente demandado polo movemento feminista, supuxo un antes e un despois na abordaxe institucional da violencia de xénero. Antes, a *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero* foi o cambio de paradigma que fixo posible que os poderes públicos recoñecesen un tipo concreto e específico de violencia, que é a que se exerce contra as mulleres polo feito de selo. Así mesmo, continuando pola senda marcada, o Pacto de Estado é a mostra do consenso de todos os grupos parlamentarios, e por tanto, de toda a sociedade representada a través deles, para acabar con esta violencia.

Neste 2020 cúmprense 20 anos da designación polas Nacións Unidas do 25 de novembro como data de conmemoración do Día Internacional contra a Violencia Machista. Tal como expresa a ONU, "a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica". Este ano, ademais, a situación viuse agravada pola pandemia mundial que nos arrasa. E que, se afecta ás mulleres con máis intensidade e de forma concreta pola desigualdade estrutural na que se atopan, é especialmente terrible para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

A directora Executiva de ONU Mulleres, PhumzileMlambo-Ngcuka, alertaba sobre o impacto da Covid-19 nas mulleres, e especialmente nas vítimas de violencia abocadas a confinarse co seu agresor: "O confinamento reforza o illamento das mulleres que teñen compañeiros violentos, separándoas das persoas e os recursos que mellor poden axudalas. É a situación perfecta para exercer un comportamento controlador e violento no fogar". Nesas circunstancias, o Goberno do Estado aprobaba o pasado 31 de marzo o Real decreto de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, ás vítimas de explotación sexual, trata ou agresións sexuais, nestes momentos tan excepcionais.

Entre todas as circunstancias nas que se manifesta a violencia machista, destaca de maneira especial a que se produce no rural. O illamento que sofren as vítimas de violencia de xénero no ámbito da parella ou ex parella é tripla: pola escasa participación dos espazos públicos e a relegación ao ámbito privado, por estar illadas xeograficamente e por identificar a súa propia situación como un proceso individual e non como o problema estrutural que é consecuencia da desigualdade entre mulleres e homes. Así o indica o estudo sobre "*Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo*

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:08:14
Nº Rexistro: 6908
Data envio: 28/12/2020 13:08:14.492

rural" realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur), entre decembro de 2018 e xaneiro de 2020, en cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que este ano cumpre o seu terceiro aniversario.

Tamén no marco do Pacto, o pasado ano publicábase o estudo '*Mulleres maiores de 65 anos vítimas de violencia de xénero'*, que pon de manifesto unha realidade que permanece a miúdo invisible e que revela unha violencia sostida no tempo con datos alarmantes: o 40 % das vítimas sufriu violencia durante máis de corenta anos e o 27 % padeceuna, entre dous e tres décadas. Toda unha vida de vexacións, agresións, control e medo.

Os datos globais que existen sobre a violencia machista son igualmente estremecedores: dende 2003 foron asasinadas no Estado 1.071 mulleres e dende 2013, 297 nenas e nenos quedaron orfos. En 2020 foron asasinadas 38 mulleres, das cales 2 eran galegas, e 19 nenos e nenas quedaron orfos.

Este mes de outubro coñeciamos ademais a 'Macro enquisa de violencia contra a muller' de 2019 elaborada polo Goberno do Estado e que arroxa cifras tamén sobrecolledoras en Galicia:

- O 33,9 % das mulleres sufriron violencia por parte das súas parellas ou ex parellas.
- O 35,7 % das mulleres sufriu acoso sexual ao longo da súa vida.
- O 17,4 % das mulleres sufriu violencia física fóra da parella ao longo da súa vida.

A mesma enquisa ofrecía outros datos para o total do Estado que teñen un comportamento moi semellante no noso país:

- O 47,2 % non denunciaron nin utilizaron os servizos públicos de axuda.

- Dese 40,4 %, o 60,5 % das mulleres tiñan entre 16 e 24 anos. As cifras aumentan entre as mulleres novas.

- De cada 10 mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos ou fillas afirman que estes sufriron tamén violencia por parte das súas parellas.

A Fiscalía Superior de Galicia vén, así mesmo, de presentar a súa Memoria Anual correspondente ao ano 2019, con datos moi alarmantes en canto a procesos por violencia machista e por delitos sexuais, cun incremento do 45 % e do 51 %, respectivamente. En total, foron 10.598 os procesos xudiciais por violencia machista en Galicia e 1.894 os procedementos incoados por delitos cometidos contra a liberdade e a indemnidade sexual.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Das 3.462 cualificacións fiscais nas que derivaron os casos de violencia de xénero, o 43,9 % foron por maltrato ocasional, o 26,1 % por quebrantamento de medidas cautelares, o 10,7 % por maltrato habitual e o 8,3 % por ameazas. No referido a delitos sexuais, creceron tanto as agresións sexuais (+54,4 %) como os abusos (+63,1 %) e as violacións (+33,3 %).

En relación co delito de trata, como a peor expresión da violencia machista, chama a atención que só se incoara 1 procedemento xudicial en todo o ano, o que demostra o abandono que teñen estas mulleres por parte da sociedade, que mira cara a outro lado, e pon de manifesto o difícil que é iniciar unha denuncia, poder abrir unha investigación ou identificar aos responsables. Por iso é tan necesaria a Lei contra a trata, que impulsou o Goberno progresista do Estado e cuxo anteproxecto se está a tramitar no Congreso dos Deputados.

Diante de todas estas cifras, que evidencian o traballo que queda por facer para erradicar todo tipo de violencia contra as mulleres as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cre o Goberno galego que son suficientes os esforzos dados en materia de prevención da violencia machista á vista dos datos arroxados por diversos estudos e enquisas oficiais?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:48:27

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 12:48:42

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 28/12/2020 12:49:04

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 12:49:29

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 12:49:40

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:08:31
Nº Rexistro: 6909
Data envio: 28/12/2020 13:08:31.625

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A ría de Noia presenta uns índices de contaminación realmente preocupantes, con 22 concellos que verten directamente nela, o que ademais de afectar a todo o ecosistema mariño está a causar un grave prexuízo aos bancos marisqueiros; non en van hai 50 anos máis de 3.000 persoas recollían unha media de 5 millóns de quilogramos ao ano de marisco e hoxe son exactamente a metade, tanto de persoal traballador como do total recollido.

Neste lamentable contexto, e como leva tempo denunciando o grupo socialista do Concello de Noia, a Xunta de Galicia segue sen asumir as súas competencias en materia de mellora das augas da ría, unha necesidade ambiental que queda evidenciada coa prohibición dende hai xa cinco anos do baño na praia do Testal pero tamén económica coas obvias limitacións ano tras ano da campaña marisqueira.

En xullo de 2019 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, anunciaba a adxudicación do contrato para a redacción do Plan director de saneamento de Noia por un importe de pouco máis de 200.000 euros. A titular do departamento autonómico explicaba que xa se realizaran os estudos previos de caudais e de diagnose inicial, que confirmaban a oportunidade de elaborar ese plan director, que tería que estar rematado nun prazo de dez meses.

O documento pretende realizar unha exhaustiva radiografía das deficiencias do sistema de saneamento de Noia para logo planificar as actuacións necesarias para optimizar o seu funcionamento e conseguir así unha mellora integral da calidade das augas da ría.

Chegados a novembro de 2020, dezaseis meses despois do inicio da redacción dese plan director, nada se sabe del. Por esa razón, as deputadas e os deputados que asinan preguntan ao Goberno galego:

En que situación se atopa o Plan director de saneamento de Noia cuxo prazo de presentación estaba previsto para o mes de maio de 2020?

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:08:31
Nº Rexistro: 6909
Data envio: 28/12/2020 13:08:31.625

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:50:26

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 12:50:42

Pablo Arangüena Fernández na data 28/12/2020 12:50:51

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 12:51:32

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:08:50
Nº Rexistro: 6910
Data envio: 28/12/2020 13:08:50.898

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A continua cambiante situación epidemiolóxica de Galicia obriga a unha vixilancia diaria por parte do Goberno galego das medidas de prevención específicas adoptadas como consecuencia da evolución da pandemia, de maneira que cada poucos días se van revisando para adaptalas á nova realidade. Esa adaptación das medidas en función da situación sanitaria de cada concello é loxicamente razoable. O que xa non parece ter demasiado fundamento é a modificación arbitraria da limitación de determinados aforos.

O Goberno galego publicaba unha Orde o 4 de novembro na que establecía que nos concellos con máis restricións a capacidade máxima dos lugares de culto era de 25 persoas, mentres que no resto do territorio o límite estaba nas 50. Mais o 10 de novembro publica un novo decreto no que fixa nun terzo o máximo dese aforo nos concellos en peores condicións e nun 50 % nos restantes.

A Xunta de Galicia basea esta modificación nunha investigación epidemiolóxica realizada neses lugares que demostra que son “seguros en relación coa transmisión do SARS-CoV-2" xa que non se detectou ningún gromo “que puidese identificarse como orixe nun lugar de culto". Outras das razóns aducidas é que pese a ser espazos interiores a permanencia neles é dun tempo limitado, “as persoas non interactúan entre elas, manteñen a distancia de seguridade en todo momento e empregan a máscara de forma sistemática, salvo en momentos puntuais".

Sorprende que esa motivación, que non poñemos en cuestión, non se aplique tamén noutros lugares nos que se dá exactamente esa mesma casuística, como son os espazos culturais como cines, teatros ou auditorios nos que sendo, así mesmo, lugares pechados, os aforos se limitan nas zonas con maiores restricións a 30 persoas (ou a 50 de solicitarse autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública acompañada dun plan de prevención de contaxios).

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:08:50
Nº Rexistro: 6910
Data envio: 28/12/2020 13:08:50.898

Nesa mesma liña, tamén o día 10 se publicaba unha orde que modificaba as medidas no transporte colectivo, establecendo que no transporte en autobús e o marítimo en augas interiores se poderá ocupar a totalidade dos asentos engadíndose un máximo dunha sexta parte das prazas de pé.

Todo o anterior supón que nos lugares de culto en concellos con alerta máxima poderían agruparse á vez 70 persoas (ou máis, dependendo da dimensión do local), que os autobuses ou barcos poden ter completas todas as súas localidades, pero que un auditorio con capacidade para 1.000 persoas só pode albergar a 30 nun espectáculo.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidades, Román Rodríguez, así como o director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, manifestaron en diversas ocasións en sede parlamentaria o seu convencemento de que a cultura é segura e que en ningún caso, grazas ao cumprimento estrito das medidas adoptadas por parte do sector, son lugares de contaxio. Tanto é así que a consellaría anunciou que en breve lanzará unha campaña alentando ao consumo cultural precisamente baseándose nesta seguridade.

Diante do exposto, que non parece manter demasiada coherencia co relato da Consellaría de Cultura de que 'A cultura é segura', as deputadas e os deputados que asinan manifestan a súa preocupación por esta arbitrariedade na limitación de aforos e preguntan:

Pensa o Goberno galego, ao igual que fixo cos lugares de culto ou o transporte, revisar as limitacións de aforos en espazos culturais?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:52:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 12:52:36

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 12:52:50

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:08:50
Nº Rexistro: 6910
Data envio: 28/12/2020 13:08:50.898

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 12:52:59

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:09:04
Nº Rexistro: 6911
Data envío: 28/12/2020 13:09:04.059

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Álvarez Martínez e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O acontecido coa Casa Cornide, emprazada na zona histórica da Coruña, é unha mostra máis da impunidade coa que a familia Franco se enriqueceu de maneira corrupta durante os anos da ditadura, incrementando o seu patrimonio con bens públicos e do pobo conseguidos mediante a extorsión e a forza.

Construída a mediados do século XVIII por encargo da familia Cornide, o edificio pasaría a titularidade pública, tanto do Ministerio de Educación como do propio Concello da Coruña, que mesmo se instalou alí por unha época. Mais no ano 1962 o consistorio procedeu á poxa do edificio, que gañou o banqueiro coruñés Pedro Barrié de la Maza, quen lla regalou de inmediato á familia Franco.

Esta operación, documentada polos historiadores Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo, obedecía ao 'capricho' da muller do ditador, Carmen Polo, por teren unha casa no centro da Coruña para poder pasear pola cidade nos veráns nos que tamén gozaban do Pazo de Meirás, outro exemplo do vil espolio dos Franco.

Diante disto, o Concello da Coruña acaba de iniciar o procedemento administrativo para que o edificio sexa declarado Ben de Interese Cultural (BIC) logo de recibir o estudo histórico-artístico encargado hai meses ao catedrático de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, Alfredo Vigo Trasancos, que confirma que a Casa Cornide "suma un conxunto de valores cos que dificilmente se lle pode negar ese recoñecemento".

Nese informe, o experto constata que se trata dunha casa senlleira, excepcional polas formas curvas das fiestras, cornixas e de todos os elementos pétreos das repisas de pedra, así como da propia balaustrada de ferro. Pero é que ademais salienta o patrimonio inmaterial que gardou a familia. Dende Diego Cornide, impulsor da construción, ata o seu fillo, o ilustre xeógrafo naturalista e humanista José Cornide.

Entre o patrimonio moble, Vigo Trasancos destaca unha pedra perdida que rescatou José Cornide cunha inscrición en latín que conmemoraba a restauración

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2020 13:09:04
Nº Rexistro: 6911
Data envío: 28/12/2020 13:09:04.059

da Torre de Hércules na época do Duque de Uceda, a placa que o Concello da Coruña colocou na fachada da casa anterior en 1892 e máis as dúas estatuas do Pórtico da Gloria -outro ben que se suma á infinita listaxe de bens espoliados polos Franco- que a familia do ditador almacenou no edificio entre 1978 e 1988 logo do incendio no Pazo de Meirás.

Destaca tamén que na Casa Cornide se atopan as pedras do edificio anterior, da antiga portada do Hospital de Caridade e do Hostal dos Reis Católicos. Son, por tanto, asegura Vigo Trasancos, "testemuños pétreos de tres monumentos importantes que converten a casa nun conxunto de valores cos que dificilmente se lle pode negar a declaración BIC".

Toda vez que este espolio se pode documentar historicamente e o seu indubidable valor artístico e patrimonial tamén se confirma por persoal experto, parece lóxico que a Casa Cornide volva formar parte do patrimonio público, de onde nunca debeu marchar.

O edifico atópase á venda na actualidade, razón pola que urxe estimar esta petición e que a Xunta de Galicia inicie de inmediato o procedemento. Por esta razón a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Pensa o Goberno galego iniciar de maneira urxente o procedemento para declarar a Casa Cornide como ben de interese cultural?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/12/2020 12:53:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 12:54:06

Pablo Arangüena Fernández na data 28/12/2020 12:54:18

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6925
Data envio: 28/12/2020 16:12:52.309

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, **Pablo Arangüena Fernández**, **Patricia Otero Rodríguez** e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O día 26 de setembro de 2017 aprobouse no Parlamento galego a Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, que viña a adaptar a regulación galega á normativa estatal e directivas europeas en materia de protección animal unha lei que foi pouco ambiciosa e falta do consenso necesario.

Van xa máis de 3 anos dende a súa aprobación e non temos aínda un regulamento que especifique e desenvolva esta norma, que é tan necesario para regular tódalas súas actividades.

É hora de dar un paso máis aló na defensa, benestar e protección dos animais, desenvolvendo algúns aspectos prácticos e de aplicación desta lei xa que persiste o maltrato aos animais, e a resposta dos poderes públicos non está a ser todo o eficiente, rápida e contundente que debería.

Por outra banda, compre desenvolver tamén políticas de sensibilización tanto no ámbito educativo coma outras dirixidas á poboación do rural.

Temos que seguir avanzando na protección e benestar, así coma na tenencia responsable dos animais de compañía por iso necesitamos un Regulamento que:

1. Determine os coidados ou atencións mínimos necesarios que ten que ter un animal de compañía.
2. Aumente as medidas de control do abandono e o maltrato animal.
3. Estableza os requisitos necesarios para os centros de acollida de animais abandonados.
4. Facilite a persecución e castigo das conductas que poñan en perigo a integridade dos animais.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta a aprobar un regulamento de desenvolvemento da Lei 4/2017 do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, en consenso coas asociacións e demais axentes implicados?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 16:07:53

Pablo Arangüena Fernández na data 28/12/2020 16:08:00

Patricia Otero Rodríguez na data 28/12/2020 16:08:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 16:08:19

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6931
Data envio: 28/12/2020 16:26:32.708

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A crise económica e social xerada pola pandemia da covid-19, vai afectar de forma moi preocupante á mocidade, entre outros aspectos, nos seus procesos de emancipación.

A necesidade de dependencia cara os pais, interrompe e demora as súas transicións biográficas (formativas, laborais e residenciais).

As dificultades que a mocidade está a vivir non se reverten unicamente na debilidade da súa autonomía persoal, senón tamén alteran o relevo xeracional na nosa sociedade e poden quebrar a sustentabilidade do noso Estado do Benestar no próximo futuro.

Os datos din que a situación, que xa non era boa, empeorou aínda máis co impacto da pandemia, xerando que en Galicia, durante os seis primeiros meses do ano 2020, a porcentaxe da mocidade emancipada reducirase nun 1 %.

Establecendo, cada vez máis, unha estrutura económica na que a emancipación xuvenil é practicamente ficticia, e que é ao final desta etapa, cando a xuventude pode emanciparse e polo tanto empezar a desenvolver unha vida plena.

A Xunta de Galicia segue sen reaccionar ante a falla de oportunidades para a mocidade, necesitamos políticas de vivenda dirixidas a mellorar a calidade do aluguer, unha regulación que permita equilibrar os prezos a unha situación real na que o mercado responda ás necesidades.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6931
Data envío: 28/12/2020 16:26:32.708

Políticas de fomento do emprego entre a xente nova, xa que o asentamento nun territorio, débese non só a razóns familiares senón que, en moita medida inflúen motivos coma as expectativas laborais ou a prolongación do itinerario curricular.

A relación do mercado laboral co feito de que unha persoa nova poida establecerse nunha vivenda independente, é moi estreita e intensificouse non últimos anos.

Actualmente, só o 18,6 % das persoas entre 16 e 29 anos de Galicia está a residir nun fogar independente.

As dúas principais características da relación das persoas mozas co mercado traballo en Galicia, son, por unha banda, a súa escasa participación no mercado de traballo e, doutra banda, a precarización das condicións laborais, reflectidas na forte incidencia da temporalidade contractual ou as xornadas a tempo parcial, máis habituais aquí que no conxunto de España.

En relación ao acceso ao mercado da vivenda para a poboación nova galega, tanto en compra como alugueiro, a realidade e que é case imposible facer fronte ao pago para unha persoa nova en solitario.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 6931
Data envio: 28/12/2020 16:26:32.708

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai levar a cabo políticas públicas dirixidas a impulsar o acceso da mocidade á vivenda e ao emprego?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputados do G.P. dos socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 16:21:29

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 16:21:39

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 16:21:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2020 16:21:54

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/12/2020 16:22:03

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 10:01:22
Nº Rexistro: 6939
Data envio: 29/12/2020 10:01:22.102

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A asistencia sanitaria no noso país esmorece, e o municipio de Poio, non é alleo a isto, a nivel sanitario leva nos abandonado, por parte da Xunta de Galicia.

Dende o ano 2015, o Sergas leva dándolle voltas a unha solución para o centro de saúde de Anafáns, non levando a cabo ningún tipo de actuación 5 anos despois.

A falla de infraestruturas sanitarias axeitadas para atender as necesidades da poboación, súmase a falla de persoal xa que o Sergas non repón as baixas laborais, nin as xubilacións, o que está a xerar un grave agravio tanto para os doentes que teñen que ven incrementadas notablemente as listas de agarda, coma para o persoal sanitario que alí traballa, que asume unha carga excesiva a consecuencia da inactividade da Xunta de Galicia.

Esta situación que leva anos acontecendo, cobra moita máis relevancia e volvese aínda máis inaceptable na situación actual de pandemia na que nos atopamos.

Non pode pasar do ano 2021 que se constrúa un Punto de Atención Continuada (PAC) manténdose os consultorios médicos actuais de Combarro e Raxó.

Mais cando o Concello de Poio leva ofrecendo máis dun ano tres terreos para situar este novo centro de saúde, comprometéndose a poñer o terreo a disposición da Xunta de Galicia, de maneira inmediata.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia iniciar durante o ano 2021 a construción, dun novo PAC en Poio que cubra as necesidades da poboación?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 19:59:50

Julio Torrado Quintela na data 28/12/2020 19:59:57

Marina Ortega Otero na data 28/12/2020 20:00:04

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 10:02:37
Nº Rexistro: 6945
Data envio: 29/12/2020 10:02:37.485

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A creación da Policía Adscrita, responde a unha Orde do Ministerio do Interior, do 19 de xuño de 1991.

A mesma, no seu artigo primeiro, establece que a unidade policial depende organicamente do Ministerio do Interior e funcionalmente da Xunta de Galicia.

Dende a súa creación en 1991, a Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia vén desempeñando funcións de Policía Autonómica, de acordo coas previsións do artigo 38.1 da Lei Orgánica 2/1986, prestando importantes funcións en materia de seguridade; de protección de vítimas de violencia de xénero; de prevención e investigación de incendios forestais; de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal; de protección do medio natural e do patrimonio cultural; de protección de menores e familia, ademais doutras funcións transversais e administrativas.

A Unidade de Policía Adscrita cumpre as ordes e directrices das autoridades competentes da Xunta de Galicia, que na actualidade está representado pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, ante as que teñen que render contas das súas actuacións.

Todas e todos somos conscientes do gran labor que está a desempeñar a policía autonómica xa non só con carácter xeral, senón que incrementada neste momento de pandemia, onde as actuacións ordinarias sumáronselle outras coma a colaboración no control das restricións, labores humanitarias…..

A pesar disto, a actitude da Xunta de Galicia con este corpo policial non é todo o desexable que debería, incorrendo nunha conducta pouco igualitaria no trato, discrecional ante calquera discrepancia e de non cumprimento das actuacións necesarias para que poidan desenvolver o seu traballo coas máximas garantías e seguridade.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 10:02:37
Nº Rexistro: 6945
Data envio: 29/12/2020 10:02:37.485

O Vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia non recibe aos representantes sindicais da policía adscrita, rompendo con isto o diálogo social e non escoitando as demandas reais destes, coma pode ser a necesidade de chalecos individuais, os dereitos laborais e demais.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a recuperar o diálogo social coa Policía Adscrita, reuníndose cos representantes das persoas traballadoras?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/12/2020 19:56:56

Pablo Arangüena Fernández na data 28/12/2020 19:57:04

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 13:40:56
Nº Rexistro: 7008
Data envio: 29/12/2020 13:40:56.688

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Recentemente, coñeceuse a intención do Concello de Begonte de solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a unificación dos CEIP de Baamonde e CEIP Virxe do Corpiño nun único centro, trasladando o alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño e empregar as instalacións do CEIP de Baamonde, entendemos que unha vez desafectado do uso escolar, para o funcionamento dun centro de formación musical. Tamén cabe entender que ese centro daría continuidade ou ampliaría a actual Escola Municipal de Música que depende do Concello de Begonte.

Segundo se ten trasladado á opinión pública, trataríase dun conservatorio profesional de música, o que require non só múltiples xestións e procedementos previos, se non a clarificación da dependencia dese futuro centro.

Así, o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade (DOG do 19 de xaneiro de 2011) establece no seu artigo 3º a creación, denominación e supresión dos centros que impartan ensinanzas regradas de música ou de danza, diferenciando con claridade dúas modalidades:

1. A creación e supresión dos conservatorios de música e de danza dependentes da consellaría competente en materia de educación que lle corresponde á Xunta de Galicia mediante decreto, por proposta do titular da dita consellaría, ou

2. A posibilidade de que as corporacións locais poidan promover a creación de conservatorios de música ou de danza, correspondéndolle á consellaría competente en materia de educación a autorización dos ditos centros que, en todo caso, deberán reunir as condicións establecidas no Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 13:40:56
Nº Rexistro: 7008
Data envio: 29/12/2020 13:40:56.688

Son, en definitiva, dúas posibilidades claramente diferenciadas; na primeira, sería a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que asume a creación do conservatorio e os seus gastos de funcionamento (persoal docente e non docente, equipamento e gastos de funcionamento de xeito resumido) e a segunda na que sería a Administración local, logo da autorización da consellaría, quen asume eses gastos. Neste último caso estarían, na provincia de Lugo, os conservatorios profesionais de Monforte de Lemos, Vilalba e Viveiro.

Son aspectos de extraordinaria transcendencia que se deben aclarar antes de valorar calquera decisión. E isto é así porque a ampliación da oferta educativa no concello de Begonte ante a posibilidade de contar, segundo os anuncios do Sr. alcalde, cun novo centro educativo de ensinanzas artísticas como é un conservatorio profesional de música é algo moi positivo, tanto dende o punto de vista da oferta educativa como da dinamización que para o concello pode supoñer.

Pero tamén é necesario coñecer as implicacións e consecuencias últimas da planificación que se está a propoñer e que necesitan ser aclaradas, porque a grave crise demográfica que sofre Galicia que afecta fundamentalmente ao mundo rural xunto coa redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos tan necesarios para o mantemento da cohesión social e os dereitos da poboación.

En definitiva, sería necesario aclarar as condicións nas que sería escolarizado a totalidade do alumnado de educación infantil e primaría do concello.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Ten a Consellería de Cultura, Educación e Universidade o compromiso co Concello de Begonte de poñer en funcionamento nese concello nas instalacións do actual CEIP de Bahamonde ou noutras un conservatorio profesional de música directamente dependente da Consellería?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/12/2020 10:32:24

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2020 13:40:56
Nº Rexistro: 7008
Data envio: 29/12/2020 13:40:56.688

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2020 10:32:39

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 7041
Data envio: 29/12/2020 16:03:06.906

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O día 22 de decembro de 2020 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou no Diario Oficiala de Galicia a *Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Segundo se xustifica na propia orde, o obxectivo desta reforma é ampliar o prazo de que dispoñen as familias para presentar solicitude de reserva de praza para continuar estudos nun centro adscrito, así como o prazo que teñen os centros educativos para a súa xestión, tendo en conta o elevado número de solicitudes de reserva de praza que xestionan en cada convocatoria e, ademais, permitir tamén unha correcta adecuación da posterior oferta de prazas naqueles casos nos que a fase de reserva non permita a escolarización de todo o alumnado solicitante.

O certo é que resulta curioso e digno de mención que a normativa que se modifica, que se leva aplicando sete cursos, non dese lugar a desaxustes significativos entre a demanda e a oferta dos centros que se consideran únicos a efectos de admisión.

Más plausible parece que esta modificación obedeza á intención amosada polo Partido Popular e anunciada polo Sr. Casado de que as comunidades autónomas gobernadas polo PP adianten a matriculación para sortear a Lei Celaá (*vid.* diario *El Pais* na súa edición dixital do 12 de decembro de 2020).

O lamentable desta situación, con independencia da actuación planificada para tentar non aplicar unha lei orgánica tramitada con todas as garantías procedimentais tanto democráticas como parlamentarias, é que os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Universidade saben á perfección que a modificación introducida en nada modifica o proceso de admisión (salvo un adianto técnico duns poucos días e para o alumnado xa escolarizado e que pretende seguir no mesmo centro ou nos que se consideran únicos a efectos de admisión). O anterior é un recoñecemento explícito de que a o Goberno galego pretende dar a entender que segue as directrices do PP a nivel estatal, pero sen facer nada que teña a máis mínima incidencia.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 7041
Data envio: 29/12/2020 16:03:06.906

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

A modificación da normativa de admisión publicada supón algún cambio para a admisión de novo alumnado no sistema educativo galego en centros sostidos con fondos públicos?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/12/2020 13:35:50

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2020 13:36:03

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 11:04:56
Nº Rexistro: 7068
Data envio: 30/12/2020 11:04:56.230

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Durante o período de suspensión da actividade lectiva nos centros como consecuencia da pandemia xerada pola Covid-19 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou a Orde do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia da Covid-19.

Esta orde ditouse para axudar ás familias que, atopándose en situación vulnerable por motivos de renda ou de exclusión social, tiñan que asumir o custo daqueles menús diarios dos seus fillos e fillas que en período lectivo correría pola conta da Administración educativa.

O importe das axudas quedou establecido en 2,50 € para os alumnos e alumnas beneficiarios da gratuidade total e 1,50 € para o alumnado que satisfai 1€ diario pola comida, logo das estimacións do custo das materias primas empregadas na elaboración dos menús escolares.

Segundo estimacións oficiais da propia Xunta de Galicia publicadas na súa páxina *web* o 30 de marzo, preto de 45.000 (en realidade 44.293) alumnos e alumnas se poderían beneficiar desta medida e, deles, 40.480 como usuarios con comedor gratuíto e 3.813 semigratuíto que pagan 1 euro.

Durante a comparecencia da Sra. conselleira na Deputación Permanente celebrada o día 22 de abril de 2020, afirmou que foron 30.159 os alumnos e alumnas beneficiados, o que supón un 68 % do alumnado potencial ou, dito doutro xeito, un 32 % do alumnado potencialmente beneficiario ao final non ten axudas ou, o que é o mesmo, 14.134 alumnos pertencentes a familias en situación vulnerable non estaban a recibir axuda naqueles momentos.

O certo é que a xestión destas axudas foi moi complexa ao carecer a Administración da información necesaria para facer máis áxil o procedemento e ter que recorrer ás direccións dos centros educativos para obtela; ademais, debe

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

engadirse a dificultade de moitas familias para facer o procedemento de xeito telemático empregando a sede electrónica da Xunta de Galicia.

En resumo, atopámonos ante unha acción pertinente pero que debe ser mellorada en múltiples aspectos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego necesario deseñar un procedemento que permita actuar de forma máis eficiente ante posibles repeticións de situacións como a prevista na Orde?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/12/2020 10:37:30

Noa Susana Díaz Varela na data 30/12/2020 10:37:49

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 11:05:21
Nº Rexistro: 7069
Data envio: 30/12/2020 11:05:21.691

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O confinamento por coronavirus e o peche dos centros educativos a partir de marzo de 2020 puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo ante unha situación inédita. Tratouse dunha situación excepcional e mundial que afectou a máis de 1.370 millóns de alumnos segundo a Unesco e a preto de 230.000 en Galicia.

Ese novo contexto puxo de manifesto, entre outras necesidades, que debemos activar todos os recursos ao noso alcance para ser quen de manter a continuidade do proceso educativo a distancia e atender a toda a poboación escolar ante potenciais episodios nos que se repita a suspensión da actividade lectiva, xa que se puxo en evidencia a auténtica magnitude da brecha dixital existente entre o alumnado.

Dos datos publicados na *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2019* realizada polo INE, dedúcese de xeito inmediato a existencia de dous factores que determinan a existencia e amplitude da fenda á que nos estamos a referir: a renda familiar e o lugar de residencia.

1º) A necesaria dispoñibilidade dalgún tipo de equipamento (ordenador ou *tablet*), así como unha conexión a internet que permita un seguimento aceptable das actividades propostas ao alumnado, resulta imposible na metade dos fogares con ingresos netos mensuais inferiores a 900 € e, dentro dos que dispoñen de equipamento informático, a cuarta parte carecen dunha conexión axeitada.

2º) Menos impacto dende o punto de vista cuantitativo, pero grave para o alumnado que poida estar nesas circunstancias pola limitación que supón, é a inexistencia dunha conexión axeitada na quinta parte do fogares que, dispoñendo de conexión a internet, se sitúan en contornos de menos de dez mil habitantes.

O certo, con independencia dos datos que se consideren, é que a situación vivida no último trimestre do curso 2020/2021 puxo de manifesto a necesidade de censar as necesidades de dixitalización que seguen sen cubrirse (% de centros sen

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 11:05:21
Nº Rexistro: 7069
Data envio: 30/12/2020 11:05:21.691

plataformas en liña, % de alumnos sen ordenador, impresora ou conexión axeitada a internet, % alumnos cos que resulta complexo comunicarse, etc). No escenario post-crise e con posibilidades de que se repitan confinamentos de distinta amplitude e/ou periodicidade, este censo permitirá actuar de xeito moito máis eficiente.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan pregunta:

Realizou a Consellería de Educación, Universidade de Formación Profesional algún estudio que permita coñecer o grao de acceso do alumnado ás distintas alternativas que poden resultar necesarias para continuar co seu proceso educativo no caso de suspensión das actividades lectivas presenciais?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/12/2020 10:44:13

Noa Susana Díaz Varela na data 30/12/2020 10:44:29

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 11:05:42
Nº Rexistro: 7070
Data envio: 30/12/2020 11:05:42.453

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 foi presentado en setembro do ano 2016 e elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola, naquel momento, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo "violencia 0 nas aulas e na sociedade" e inclusión e integración da diversidade), expón seis eixes:

1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,…).

4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visualizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 11:05:42
Nº Rexistro: 7070
Data envio: 30/12/2020 11:05:42.453

6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha das cales se aplica a varios obxectivos.

Como é lóxico, prevese un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos nos que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Este grupo parlamentario presentou diversas iniciativas ao longo da pasada lexislatura do Parlamento de Galicia para coñecer a avaliación do plan desde o seu primeiro curso de vixencia (2016-2017). Todas cantas veces foron debatidas proposicións non de lei, foron rexeitadas pola maioría absoluta do Partido Popular, co incoherente argumento de que a avaliación se realizaría ao remate do plan, eliminado deste xeito a necesidade da máis que acreditada conveniencia de levar a cabo a avaliación de implementación como procede en calquera política pública.

Considerando que o horizonte temporal que comprendía a vixencia deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia eran os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que todos eles remataron, semella que os febles argumentos empregados para rexeitar a avaliación do plan carecen xa de sustento.

Por outra parte, o plan carece dunha memoria económica xa que implicou gasto ordinario tanto da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que tamén resulta pertinente coñecer o que cada unha delas gastou en cada curso de vixencia do plan.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados acadados logo de rematada a vixencia do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2030

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2020 11:05:42
Nº Rexistro: 7070
Data envio: 30/12/2020 11:05:42.453

grupo socialista Parlamento de Galicia

PSdeG PSOE

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/12/2020 10:45:12

Noa Susana Díaz Varela na data 30/12/2020 10:45:25

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGjifUs3XIT8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/